

**TRIBUNAL GALEGO DE
DEFENSA DA COMPETENCIA**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES.
2005**

Santiago de Compostela

ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN	7
2.- INTRODUCCIÓN	9
3.- OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA	15
4.- O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA (TGDC)	17
5.- FUNCIÓNS DO TGDC	19
5.1. Función resolutoria e sancionadora	19
5.2. Funcións consultivas e de arbitraje	23
5.3. Funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia	25
6.- PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC.....	27
7.- FINS DO TGDC	28
7.1. Dar resposta en tempo as funcións específicas recollidas no artigo 3 da Lei 6/2004.....	28
7.2. Incentivar a actuación de oficio do SGDC, ao abeiro do primeiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004.....	29
7.3. Mellorar o coñecemento da situación da competencia en Galicia, ao abeiro do segundo apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004.....	29
7.4. Difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia, ao abeiro do terceiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004.....	29
8.- OBXECTIVOS DO TGDC NO ANO 2005	31
8.1. Ter habilitada a súa sé provisional e dispor dos recursos precisos para cumprir dun xeito adecuado as súas funcións	31

8.2. Facer visible a existencia do TGDC aos axentes económicos e, dun xeito máis xeral, á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia	31
8.3. Realizar dun xeito adecuado as funcións que lle foron asignadas e que se expresan nos seus catro fins ou obxectivos estratéxicos	31
8.4. Desenvolver as relacións institucionais do TGDC	32
9.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO TGDC NO ANO 2005	33
9.1. Actividades cara a posta en funcionamento do TGDC	33
9.2. Actividades orientadas a dar a coñecer a existencia do TGDC á sociedade galega	35
9.3. Actividades relativas ao cumprimento das funcións asignadas	39
9.4. Actividades para o desenvolvemento das relacións institucionais con outras autoridades de defensa da competencia e asistencia a actividades relacionadas coa defensa da competencia.....	53
10.- OBXECTIVOS DO TGDC PARA O ANO 2006	59
10.1. Resolver dun xeito adecuado e rápido os expedientes relativos a condutas anticompetitivas e autorizacións singulares que teñan entrada no TGDC	59
10.2. Realizar informes e funcións consultivas.....	59
10.3. Estimular a actuación de oficio do SGDC	60
10.4. Afondar no coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia	60
10.5. Promover o coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia.....	61
10.6. Ampliar e fortalecer as relacións institucionais do TGDC.....	62

ANEXOS.....	65
ANEXO I: Normativa galega sobre defensa da competencia	65
<i>Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.....</i>	65
<i>Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.....</i>	83
ANEXO II: Informe sobre o proxecto de Decreto de desenvolvemento da lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.....	88
ANEXO III: Informes do TGDC relacionados coa nova lei de defensa da competencia	90
<i>Informe ao “Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia.”</i>	90
<i>Informe ao “Borrador do Anteproxecto de Lei, de defensa da competencia”</i>	94
ANEXO IV: Informe do TGDC sobre o proxecto de Real decreto polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade	100

ANEXO V: Informe do TGDC sobre a participación do Tribunal de Defensa da Competencia (da Administración Xeral) nos expedientes para a concesión de licenzas de grandes establecementos comerciais en Galicia.....	104
ANEXO VI: Regulamento de Réxime Interior do TGDC	107

1. PRESENTACIÓN

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), en cumprimento do disposto no artigo 3.3. letra j) da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, debe elaborar anualmente unha Memoria que ten por obxecto dar conta das actividades desenvolvidas polo organismo no exercicio anterior e amosar os seus obxectivos para o seguinte.

O ano 2005 foi o primeiro no que o TGDC desenvolveu actividades, tras a súa creación pola Lei 6/2004, do 12 de xullo. Os membros que integran o seu Pleno foron nomeados mediante Decreto 277/2004, do 25 de novembro, e tomaron posesión dos seus cargos o 29 de decembro de 2004.

A normativa prescribe que a Memoria de actividades se remita ao Parlamento de Galicia, correspondéndolle ao presidente do TGDC, ao abeiro do artigo 6.1. letra f) da Lei 6/2004, do 12 de xullo, a súa presentación, en comparecencia perante a Comisión de Economía (na actualidade, de Economía, Facenda e Orzamentos) do Parlamento de Galicia, antes do 30 de xuño de cada ano.

O presente documento constitúe a Memoria de Actividades do TGDC correspondente ao ano 2005, que foi un ano caracterizado polo inicio do funcionamento deste organismo. Esta memoria foi aprobada polo Pleno do TGDC na súa sesión do 13 de xuño de 2006.

Membros do Pleno do TGDC.

Presidente.

D. José Antonio Varela González.
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Vogais:

D. Fernando Varela Carid
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

D. Alfonso Vez Pazos
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Actúa como Secretario.

D. José Antonio Rodríguez Miguez.
(Con data de 7 de abril de 2005, o Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia acordou nomear secretario do Pleno ao secretario xeral do TGDC).

2. INTRODUCCIÓN

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) foi creado, xunto co Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), pola Lei 6/2004, de 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da comunidade autónoma de Galicia. Tras o nomeamento e toma de posesión dos seus tres membros, o presidente e os dous vogais, o TGDC comezou as súas actividades o 1 de xaneiro de 2005.

Os primeiros esforzos dos membros do Tribunal estiveron encamiñados a poñer en marcha a institución, tanto no tocante á habilitación dos recursos humanos e materiais necesarios para exercer as súas funcións, como a establecer os primeiros contactos e as relacións institucionais pertinentes, así como a iniciar a proxección social da institución para dala a coñecer aos axentes económicos e sociais máis directamente afectados polas súas actividades.

Ademais dese labor de posta en marcha da institución, para o que se contou co apoio inestimable da Consellería de Economía e Facenda, o TGDC comezou tamén no ano 2005 as súas actividades para dar cumprimento efectivo ás funcións encomendadas á institución pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, antes citada, e o Decreto 20/2005, de 3 de febreiro, de desenvolvemento desta Lei.

No tocante ao primeiro dos aspectos mencionados, a posta en marcha da institución, o TGDC acadou plenamente os obxectivos que se propuxo a comezos do 2005. O Tribunal está instalado nun local da cidade de Santiago de Compostela que, aínda que é provisional, reúne condicións suficientes para o desempeño acaído das súas funcións, dada a dimensión actual da institución. Ao longo do 2005, conseguiuase a incorporación de todo o persoal administrativo asignado ao Tribunal nesta primeira fase de comezo de actividades, iniciando o 1 de abril coa incorporación do secretario xeral, e concluíndo o 29 de decembro, coa

entrada en funcións do último efectivo. En total, traballan na actualidade no TGDC oito persoas, incluíndo os tres membros do Pleno. Tamén se conseguiu dentro do ano 2005, crear a imaxe identificadora da institución, elaborar a súa páxina web, e completar a habilitación de recursos materiais para o seu pleno funcionamento. Así mesmo, efectuouse a presentación da institución aos órganos máis representativos da comunidade autónoma, comezando polo Presidente da Xunta de Galicia, e incluíndo todas as institucións e os colectivos profesionais máis destacados de Galicia con maior relación coa defensa da competencia.

Alén da súa posta en marcha, o TGDC iniciou no ano 2005 o cumprimento das súas funcións substantivas que, tal como sinala a Lei 6/2004, teñen por fin último a preservación do funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo neles a existencia dunha competencia efectiva. De acordo ás leis, as funcións do TGDC son as catro seguintes:

- Función resolutoria e sancionadora de condutas prohibidas polas normas de defensa da competencia.
- Elaboración de informes sobre materia relacionada coa defensa da competencia, e segundo o disposto na Lei 6/2004.
- Función de coñecemento da situación da competencia en Galicia.
- Función de promoción dos méritos da competencia na sociedade galega.

O TGDC avanzou no cumprimento desas catro funcións ao longo do ano 2005, nomeadamente na elaboración de informes, o estudo da situación de competencia en Galicia, e a proxección sobre a sociedade dos méritos e vantaxes da competencia, tal como se recolle en detalle nas páxinas que seguen.

Respecto a emisión de informes destacan os realizados sobre varios proxectos normativos, entre eles, o relativo ao decreto de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, e os referentes ao “Libro Branco para a reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia”, e o anteproxecto de Lei de Defensa da Competencia. Destacan tamén os numerosos informes emitidos en relación á instalación de grandes establecementos comerciais e outros relativos a diversos asuntos relacionados coa competencia.

Outro eido relevante da actuación do TGDC foi o inicio e desenvolvemento de relacións institucionais coas autoridades correspondentes de outros territorios. Na Unión Europea e tamén en España, a política de defensa da competencia áchase nun proceso de descentralización no que é importante a comunicación e cooperación dos órganos responsables da súa execución, co fin de lograr unha aplicación homoxénea da normativa que garanta a seguridade xurídica dos participantes. A actividade do TGDC neste sentido non se limitou aos órganos de ámbito estatal e autonómico español, senón que incluíu tamén contactos con autoridades da Unión Europea e de outros países.

No referente ás resolucións de expedientes sancionadores e autorizacións singulares, non tivo entrada no Tribunal Galego ningún expediente durante o ano 2005, dado que o órgano instrutor, o SGDC non entrou en funcionamento ata maio dese ano e non concluíu a tramitación de ningún expediente antes da conclusión do ano. Houbo sen embargo, resolucións referidas a casos galegos durante 2005, que foron ditadas polo Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral. O Servizo de Defensa da Competencia da Administración Xeral foi o órgano instrutor deses expedientes e deu traslado deles ao referido Tribunal da Administración xeral do Estado.

O TGDC asumiu dende a súa constitución un enfoque proactivo no desenvolvemento das súas tarefas, no sentido recomendado pola

Comisión Europea na súa comunicación sobre “Unha política de competencia proactiva para unha Europa competitiva” de abril de 2004, tratando de promover unha maior competencia na sociedade galega non só a través dos procedementos sancionadores que recaian sobre condutas restritivas da competencia, senón tamén tratando de achegar aos cidadáns galegos os valores da competencia e as vantaxes de manter un nivel cada vez máis alto de competencia entre as empresas e demais axentes económicos que operan nos mercados.

Nesa liña, o TGDC outorga unha grande importancia a que os valores da libre competencia sexan asumidos pola sociedade galega, tanto polos responsables empresariais como polos consumidores, de maneira que, por unha parte, se practiquen e respecten os principios que regulan a competencia no noso país, e, por outra, se denunciem aquelas condutas potencialmente ilícitas que se detecten nos mercados.

É importante que os cidadáns, en tanto que consumidores e en tanto que axentes económicos que participan no mercado, coñezan ben as vantaxes sociais e económicas da competencia, que en última instancia hanse traducir en aumentos da produtividade e da competitividade da nosa economía, e que sexan conscientes dos graves prexuízos que a nivel individual e colectivo poden ter as prácticas contrarias ás normas de protección da competencia, como son, por exemplo, as condutas colusivas ou o abuso da posición dominante.

O TGDC considera tamén moi importante a involucración da Administración en xeral na tarefa de amparar a competencia, pois, sen dúbida, ten unha grande responsabilidade a través da creación dun marco axeitado para o cumprimento das normas da competencia e a fixación de criterios transparentes para a contratación pública e o outorgamento de subvencións. O papel da Administración na defensa da competencia é especialmente importante polo impulso que pode dar ás investigacións de oficio, que dependen do SGDC, sobre condutas potencialmente restritivas da competencia, e a través do amparo e

proxección da política de competencia mediante a dotación adecuada de medios para os órganos de defensa da competencia e o liderado na asunción desta política dentro do marco xeral de política económica.

De cara ao 2006, e xa concluída a fase de posta en marcha, o TGDC pretende continuar o seu labor de principal impulsor das prácticas a prol da libre competencia en Galicia e reforzar aquelas áreas da súa actividade que permitan avanzar mellor no fin xeral de amparar e promover a competencia na nosa comunidade autónoma. Para iso, o TGDC estableceu seis obxectivos principais que espera cumprir no ano 2006.

Eses seis obxectivos son, en primeiro lugar, dar resolución axeitada e rápida aos expedientes relativos a condutas e autorizacións singulares que teñan entrada no ano; en segundo lugar, realizar puntualmente os informes e funcións consultivas que lle sexan asignados; en terceiro lugar, estimular a actuación de oficio do SGDC, que resulta de gran importancia para a detección e persecución de condutas ilícitas; en cuarto lugar, afondar no coñecemento dos mercados galegos desde a perspectiva da competencia para detectar áreas ou sectores económicos de especial sensibilidade á vulneración das normas de competencia; en quinto lugar, facilitar o coñecemento aos axentes económicos e a cidadanía en xeral dos beneficios da libre competencia, e do funcionamento dos órganos responsables do seu mantemento; e por último, ampliar e fortalecer as relacións institucionais do TGDC tanto no ámbito galego como en outras áreas que podan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e os demais tribunais autonómicos.

Tendo en conta os comentarios anteriores, a presente Memoria comeza por describir os órganos galegos de defensa da competencia, con particular atención ao propio TGDC, ás súas funcións e os principios que guían a súa actuación, nos apartados 3, 4, 5 e 6. A continuación, nos apartados 7 e 8, indícanse cales son os fins básicos da institución e os

obxectivos que pretenderon cubrirse no ano 2005. Máis adiante, no apartado 9, detállanse as actividades desenvolvidas polo TGDC no ano 2005. A Memoria conclúe co apartado 10, no que se describen polo miúdo os obxectivos da institución para o ano 2006.

3. OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA

A publicación da sentenza do Tribunal Constitucional número 208, do 11 de novembro de 1999, que declarou a inconstitucionalidade da cláusula “en todo ou en parte do mercado nacional”, que figura expresamente ou por remisión, nos artigos 4, 7, 9, 10, 11 e 25, letras a) e c), da aínda hoxe vixente Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, constituíu o punto de partida dun proceso de descentralización da defensa da competencia en España, proceso que vai parello ao que se está a desenvolver nesta materia no marco da Unión Europea.

Tras a citada sentenza, e dentro dos límites marcados pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, que foi ditada para lle dar axeitado cumprimento a sentenza, son xa varias as comunidades autónomas que optaron pola creación de órganos propios de defensa da competencia, elixindo diversos esquemas institucionais.

Neste contexto, o caso de Galicia presenta a singularidade de ter sido a segunda comunidade autónoma que creou órganos propios nesta materia –logo de Cataluña– e a primeira que desenvolveu por lei tanto a creación destes como a súa regulación básica.

En efecto, a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, creou o TGDC como un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, con plena independencia no exercicio das súas competencias.

Xunto ao TGDC, a mesma Lei creou o Servizo Galego de Defensa da Competencia como órgano encargado da instrución dos expedientes e de vixiar o cumprimento das resolucións do TGDC, integrándoo na

propia Consellería de Economía e Facenda con rango de subdirección xeral.

O esquema institucional dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndese co modelo actual dos órganos da Administración Xeral do Estado, que se recolle na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

4. O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, configura ao TGDC como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias.

O TGDC está formado por tres membros: o presidente e dous vogais. Trátase dun órgano colexiado rexido polo Pleno ao que asiste un secretario.

O presidente e os vogais do TGDC son nomeados polo Consello da Xunta de Galicia. O seu nomeamento ten unha duración de cinco anos, renovable unha soa vez. O presidente e os vogais exercen as súas funcións con dedicación absoluta.

A xestión básica do organismo corresponde ao presidente, asistido polo secretario xeral e o resto do persoal administrativo do mesmo. O secretario xeral do TGDC realiza tamén as actividades de secretario do Pleno.

Na actualidade desenvolven as súas tarefas no TGDC as seguintes persoas:

José Antonio Varela González.

Presidente. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Fernando Varela Carid.

Vogal. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Alfonso Vez Pazos.

Vogal. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

José Antonio Rodríguez Miguez.

Secretario Xeral e Secretario do Pleno

(Comisión de servizos dende o 1 de abril de 2005. Foi nomeado polo procedemento de libre designación o día 25 de xaneiro de 2006).

(Con data de 7 de abril de 2005, o Pleno do TGDC acordou nomear secretario do Pleno ao secretario xeral do TGDC).

M^a Tareixa de Dios González.

Secretaria.

(Incorporación ao TGDC o día 16 de decembro de 2005)

Ana Isabel Canabal Lázara.

Secretaria.

(Incorporación ao TGDC o día 29 de decembro de 2005).

José Juan Lorenzo Salgado.

Habilitado.

(Incorporación ao TGDC o día 16 de decembro de 2005).

Josefa Fernández Martínez.

Ordenanza.

(Incorporación ao TGDC o día 27 de xuño de 2005).

5. FUNCIONES DO TGDC

O TGDC ten, pola súa lei de creación, un amplo abano de funcións, de carácter tanto resolutorio, como de emisión de informes, ditames, estudos e promoción dos beneficios da libre competencia nos mercados.

As funcións do TGDC aparecen descritas no artigo 3 da Lei 6/2004, e complementáanse coas que se recollen no artigo 1 do Decreto 20/2005, de 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004. De acordo ao disposto en ambas normas, as funcións do TGDC poden dividirse en tres grandes grupos¹.

5.1. Función resolutoria e sancionadora

O TGDC ten como función primordial resolver os procedementos sancionadores que afecten ás condutas contrarias á competencia que se contemplan na Lei 16/1989, de defensa da competencia (LDC) nos seus artigos 1, 6 e 7. Correspóndelle ao TGDC resolver os procedementos sancionadores relativos a condutas anticompetitivas que teñan efectos soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas condutas son: (i) acordos colusorios; (ii) abusos de posición dominante; e (iii) actos de competencia desleal que falseen dun xeito significativo a libre competencia.

Xunto a esta función resolutoria, o TGDC pode tamén outorgar autorizacións singulares respecto daquelas prácticas nas que, aínda que

¹ Adicionalmente, o artigo 4º.2 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, amplía o elenco de funcións atribuídas ao Pleno do TGDC polo artigo 3 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, ao asignarlle a de elaborar o seu regulamento de réxime interior, que regulará o funcionamento do Pleno e, en particular, o réxime de convocatoria e sesións, de acordo co establecido na Lei 6/2004, do 12 de xullo, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

infrinxan o artigo 1 LDC, concorran características que minimicen os seus efectos desfavorables para a competencia.

5.1.1. Acordos, decisións ou recomendacións colectivas, e prácticas concertadas ou conscientemente paralelas

Os acordos, decisións ou recomendacións colectivas, e as prácticas concertadas ou conscientemente paralelas están prohibidas polo artigo 1.1 da Lei de defensa da competencia. Estes acordos poden referirse, entre outros, a:

- a) fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou de outras condicións comerciais ou de servizo,
- b) limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos,
- c) reparto do mercado ou das fontes de aprovisionamento,
- d) aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguales para prestacións equivalentes que coloquen a uns competidores en situación de desvantaxe fronte a outros,
- e) subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou de acordo cos usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.

Quedan fora da citada prohibición aqueles acordos que teñan amparo legal; así o establece o artigo 2 LDC (condutas autorizadas por lei). Polo tanto, segundo este artigo, sen prexuízo da eventual aplicación das disposicións comunitarias en materia de defensa da competencia, as prohibicións do artigo 1 no se aplicarán aos acordos, decisións, recomendacións e prácticas que resulten da aplicación dunha lei.

5.1.2. Conduas de explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio no mercado, ou dunha situación de dependencia económica

As condutas de explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio no mercado, ou dunha situación de dependencia económica, están prohibidas polo artigo 6 da Lei de defensa da competencia.

O abuso poderá consistir, en particular, en:

- a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos no equitativos.
- b) A limitación da produción, a distribución ou o desenvolvemento técnico en prexuízo inxustificado das empresas ou dos consumidores.
- c) A negativa inxustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.
- d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condición desiguales para prestacións equivalentes, que coloquen a uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.
- e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou de acordo aos usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.
- f) A ruptura, aínda que sexa de forma parcial, dunha relación comercial establecida sen que existira preaviso escrito ou preciso cunha antelación mínima de 6 meses, salvo que se

deba a incumprimentos graves das condición pactadas polo provedor ou en caso de forza maior.

- g) Obter ou intentar obter, baixo a ameaza de ruptura das relacións comerciais, prezos, condicións de pago, modalidades de venta, pago de cargos adicionais e outras condicións de cooperación comercial non recollidas nas condicións xerais de venta que se teñan pactadas.

A prohibición do abuso de posición de dominio existe mesmo no caso de que se teña establecido por disposición legal.

5.1.3. Actos de competencia desleal que falseen a libre competencia

Os actos de competencia desleal que falseen a libre competencia dun xeito grave e afecten ao interese público resultan prohibidos conforme o artigo 7 da Lei de defensa da competencia.

5.1.4. Autorización singular dos acordos

Á marxe da “autorización legal”, contemplada no artigo 2 LDC, a lexislación española de defensa da competencia prevé dous mecanismos máis de autorización: as exencións por categorías e as autorizacións singulares. Os órganos autonómicos só poden outorgar as segundas.

Segundo o artigo 3 LDC (Supostos de autorización), punto 1, poderanse autorizar os acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refire o artigo 1, ou categorías dos mesmos, que contribúan a mellorar a produción ou a comercialización de bens e servizos, ou a promover o progreso técnico ou económico, sempre que:

- a) Permitan aos consumidores ou usuarios participar de forma adecuada das súas vantaxes.

- b) No impoñan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para a consecución de aqueles obxectivos, e
- c) Non consintan ás empresas participes a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos o servizos contemplados.

Así mesmo poderanse autorizar, na medida en que se atopen xustificadas pola situación económica xeral e o interese público, os acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refire o artigo 1, ou categorías dos mesmos, que:

- a) Teñan por obxecto defender e promover as exportacións, sempre que non alteren a competencia no mercado interno e sexan compatibles coas obrigacións que resulten dos Convenios internacionais ratificados por España, ou
- b) Produzan unha elevación suficientemente importante do nivel social e económico de zonas ou sectores deprimidos, ou
- c) Atendendo a súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa á competencia.

5.2. Funcións consultivas e de arbitraje

A Lei 6/2004, de 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, asigna ao TGDC diversas funcións consultivas e de arbitraje.

Segundo se recolle no parágrafo 3 do artigo 3 da citada Lei, ademais da elaboración da memoria anual e do informe sobre a situación da competencia en Galicia, o TGDC ten as seguintes competencias consultivas e de emisión de informes:

- a) Emitir informe, preceptivamente, sobre os proxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, este texto legal, así como os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.
- b) Emitir informe nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia cando así o solicite o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado.
- c) Enviarlle ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado a información que lle poida solicitar no marco do procedemento de control de concentracións regulado na Lei de defensa da competencia.
- d) Solicitar comparecer como parte interesada nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando o proxecto ou a operación afecte empresas radicadas ou con establecementos abertos no territorio da Comunidade galega.
- e) Emitir, por requirimento do Servizo de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado, o informe preceptivo, non vinculante, en relación con aquelas condutas que, afectando un ámbito supraautonómico ou o conxunto do mercado nacional, incidan, de forma significativa, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, á que se refire o artigo 5.4 da Lei de coordinación de competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- f) Emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

- g) Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis.
- h) Elaborar o informe que, por pedimento do órgano xudicial competente, prevé o artigo 13 da Lei de defensa da competencia sobre as eventuais indemnizacións de danos e perdas derivadas das condutas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da mencionada lei, cando os procedementos que teñan por obxecto tales condutas prohibidas lle correspondesen á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos puntos de conexión establecidos na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- i) Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia, sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado e á Comisión Europea. Para estes efectos, o concepto de axuda pública será o que define o artigo 19.2 da Lei de defensa da competencia.

5.3. Funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia

Na liña de impulsar a actividade do TGDC, o Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia² incorpora no seu artigo 1 a posibilidade de que o TGDC: (i) lle comunique ao SGDC aquelas actividades das que teña coñecemento que poidan dar lugar á instrución dun expediente por condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004; (ii) promova a realización de

² DOG nº. 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639.

estudos en materia de competencia; e (iii) difunda na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia.

Estas tres novas competencias recoñecidas ao TGDC responden evidentemente ao impulso proactivo que este organismo quere imprimir a súas actuacións, xa que responden ás suxestións efectuadas polo mesmo na elaboración da citada norma, ao abeiro do disposto no artigo 3.3. a) da súa lei de creación.

6. PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC

Ao longo do 2005, os membros do TGDC consideraron relevante elaborar un catálogo de principios guía do labor do TGDC. En diversas sesións do Pleno e mesmo en debates informais, os seus membros amosaron o seu acordo sobre a importancia de dispor dun conxunto de principios guía, compartidos e asumidos por todos, que serviran como instrumento para canalizar á actividade. Entre os valores asumidos polo membros do TGDC atópanse os seguintes:

- a) Actuación independente.
- b) Excelencia profesional.
- c) Transparencia.
- d) Respecto dos principios éticos que deben guiar a actuación dos servidores públicos.
- e) Atención ao público coa máxima cortesía e rapidez.
- f) Traballo en equipo.
- g) Cooperación con outros organismos da Administración.

Non obstante o punto anterior relativo á transparencia, debe sinalarse que as particularidades da institución fan que teña o deber de garantir a confidencialidade da información que se pode conter nos expedientes. Neste sentido o artigo 21 da Lei 6/2004, de 12 de xullo, sinala que todas as persoas que tomen parte na tramitación dos expedientes previstos nesta lei están obrigadas a gardaren segredo. Este aspecto singular do TGDC debe ser destacado dun xeito especial.

7. FINS DO TGDC

De acordo co artigo 2 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, o TGDC ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva.

A partir deste fin xeral, o TGDC estableceu catro fins específicos, estreitamente relacionados coas súas funcións. Estes son os seguintes: (i) dar resposta en tempo as funcións específicas recollidas no artigo 3 da Lei 6/2004; (ii) incentivar a actuación de oficio do SGDC, ao abeiro do primeiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004; (iii) mellorar o coñecemento da situación da competencia nos mercado de Galicia, ao abeiro do segundo apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005; e (iv) difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia, ao abeiro do terceiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005.

7.1. Dar resposta en tempo as funcións específicas recollidas no artigo 3 da Lei 6/2004

Este obxectivo supón que o TGDC orientará as súas actividades a:

- a. Resolver nos prazos temporais fixados os expedientes sancionadores que teñan entrada no TGDC (punto 1 do artigo 3 da Lei 6/2004).
- b. Resolver nos prazos temporais fixados os expedientes en materia de autorización singular de acordos, decisións, recomendacións e prácticas (punto 2 do artigo 3 da Lei 6/2004).
- c. Realizar nos prazos establecidos as competencias consultivas e de emisión de informes (puntos a), b), c), e), f), h), e i) do artigo 3.3 da Lei 6/2004).

- d. Realizar en tempo as funcións de arbitraje (punto g) do artigo 3.3 da Lei 6/2004).
- e. Elaborar a memoria anual (punto j) do artigo 3.3 da Lei 6/2004).
- f. Remitirlle ao Parlamento a memoria de actividades e o informe sobre a situación da competencia en Galicia (punto k) do artigo 3.3 da Lei 6/2004).

7.2. Incentivar a actuación de oficio do SGDC, ao abeiro do primeiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004

Pódese supor que moitas das prácticas ilícitas que ocorren nos mercados non son denunciadas, sexa por interese, por temor ou por outros motivos. Por isto, na procura de mercados máis competitivos, é importante que o SGDC asuma un enfoque proactivo de actuacións de oficio.

7.3. Mellorar o coñecemento da situación da competencia nos mercados de Galicia, ao abeiro do segundo apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004

Na actualidade non existe un coñecemento específico das características da competencia existente nos mercados nos que se desenvolve a actividade económica galega. Por mor desta circunstancia, parece relevante a análise dos mesmos dende a perspectiva da defensa da competencia.

7.4. Difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia, ao abeiro do terceiro apartado do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004

Os resultados da actuación de calquera organismo administrativo resultará insuficiente se a contorna na que se enmarca a súa actividade non é favorable aos valores que a institución trata de defender. Neste sentido, se as empresas e os consumidores non valoran a libre competencia e son sensibles as súas esixencias, a actuación das autoridades administrativas sempre será limitada. Por mor disto, resulta esencial establecer unha cultura na que os axentes económicos sexan conscientes dos prexuízos das prácticas anticompetitivas nos mercados.

8. OBXECTIVOS DO TGDC NO ANO 2005

O ano 2005 foi o primeiro de funcionamento do TGDC pois, como xa se dixo, os seus membros asumiron os seus cargos o día 29 de decembro de 2004, nun acto institucional presidido polo presidente da Xunta de Galicia, que tivo lugar no Pazo de Raxoi.

Neste primeiro ano, catro obxectivos marcaron a actuación do TGDC. Estes foron os que se expresan a continuación.

8.1. Equipar a súa sede provisional e dispor dos recursos precisos para cumprir as súas funcións

Sen dispor dunha sede convenientemente equipada en termos de recursos humanos, informáticos e materiais, dificilmente o TGDC podería levar a cabo as súas tarefas.

8.2. Cumprir dun xeito adecuado as funcións que lle foron asignadas e que se expresan nos seus catro fins

A existencia do TGDC só se xustifica na medida en que desenvolva dun xeito efectivo as súas funcións e contribúa ao logro dos fins para os que foi creado.

8.3. Facer visible a existencia do TGDC aos axentes económicos e, dun xeito máis xeral, á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia

Para o desenvolvemento axeitado das súas funcións cómpre que o TGDC sexa coñecido tanto polas empresas como polos consumidores. Ademais é importante que estes operadores económicos coñezan os principais trazos da lei de defensa da competencia, en tanto que instrumento normativo que intenta contribuír ao seu maior benestar.

8.4. Desenvolver as relacións institucionais do TGDC

Dado que o 2005 é o primeiro ano de existencia do TGDC, un obxectivo relevante é acadar que a súa existencia, características e funcións sexan coñecidas polos representantes de institucións administrativas e económicas que teñan vinculación coa defensa da competencia, tanto en Galicia como noutros ámbitos territoriais.

En particular, neste marco, é importante establecer relacións efectivas e cordiais cos representantes das institucións de defensa da competencia da Administración Xeral do Estado e doutras comunidades autónomas.

9. ACTIVIDADES DO TGDC NO ANO 2005

As actividades do TGDC no ano 2005 estiveron orientadas a lograr os obxectivos fixados. Iso significou que ademais de cumprir as funcións que ten asignadas, o TGDC desenvolveu diversas actividades tendentes a dispor dos recursos humanos e do equipamento material precisos para a realización das súas tarefas, ademais de dar a coñecer a súa existencia e de desenvolver diferentes contactos e relacións con outras institucións.

Para o desenvolvemento deste conxunto de actividades o TGDC dispuxo dun orzamento de 816.075 €. O capítulo 1 (gastos de persoal) ascendeu a 426.075 €; o capítulo 2 (gastos en bens correntes e servizos), a 300.000 €; e o capítulo 6 (investimentos reais), a 90.000 €³.

9.1. Actividades cara a posta en funcionamento do TGDC

Neste apartado cómpre diferenciar entre as actividades tendentes a dispor do equipamento material preciso para a realización das súas tarefas, das orientadas a dispor do cadro de persoal fixado nos orzamentos para o ano 2005.

9.1.1. Actividades tendentes a dispor do equipamento material preciso para a realización das súas tarefas

Na primeira etapa do seu funcionamento, o presidentes e os vogais do TGDC, ao non dispor de persoal de apoio, realizaron actividades de identificación de opcións de compra de material informático, equipos de

³ No ano 2005 executouse o 54,6% do orzamento total. Entre as razóns disto destacan as datas de incorporación do persoal administrativo do TGDC, o que fixo que se executase só o 61% do capítulo 1 e conceptos diversos de funcionamento vinculados a outra sé, entre os que destaca o de seguridade que, na actual, non son precisos.

impresión, libros, cadros e material diverso. Ao longo do ano concluíuse a adquisición do equipamento material do organismo e da súa sede.

9.1.2. Actividades orientadas a dispor do cadro de persoal establecido nos orzamentos correspondentes a 2005

No relativo aos recursos humanos do TGDC, os membros do Pleno tomaron posesión dos seus cargos o día 29 de decembro de 2004 (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

O resto do persoal do TGDC, de acordo cos orzamentos aprobados para 2005, consistiu en: un/unha secretario/a xeral, un/unha habilitado/a, dous secretarios/dúas secretarias e un/unha ordenanza.

Para o posto de secretario/a xeral foi seleccionado D. José Antonio Rodríguez Miguez, quen se incorporou ao TGDC o 1 de abril de 2005 en comisión de servizos. O día 25 de xaneiro de 2006 foi confirmado no seu posto tras o correspondente proceso selectivo.

A persoa que ocupa o posto de ordenanza (Grupo E), Josefa Fernández Martínez, foi seleccionada a partir das listas existentes e incorporouse ao TGDC o día 27 de xuño de 2005.

O resto do persoal do TGDC (Grupo C), aínda que de libre designación, foi seleccionado despois dun proceso aberto e competitivo, ó longo do cal os membros do Pleno do TGDC entrevistaron persoalmente aos/ás case corenta funcionarios/as que se postularon como candidatos/as. A incorporación ao TGDC das persoas seleccionadas aconteceu do seguinte xeito: M^a Tareixa de Dios González, secretaria, e José Juan Lorenzo Salgado, habilitado, incorporáronse o día 16 de decembro de 2005; Ana Isabel Canabal Lázara, secretaria, o fixo o día 29 de decembro de 2005, por ter que se desprazar dende Madrid.

9.2. Actividades orientadas a dar a coñecer a existencia do TGDC á sociedade galega

Dado que o TGDC comezou a súa actividade en xaneiro de 2005, unha das súas actividades na etapa inicial tiña que ser a de informar aos operadores económicos e aos consumidores en xeral da importancia que ten o feito de que a competencia nos mercados non estea falseada, ademais de darlles a coñecer a posibilidade de realizar denuncias cando a conduta dos operadores neste ámbito non sexa a correcta.

Entre as actividades levadas a cabo para dar a coñecer a existencia do novo organismo destacan as seguintes: (i) deseño da imaxe corporativa do TGDC; (ii) presentación ao presidente da Xunta de Galicia, aos conselleiros responsable de materias con certo grao de vinculación coa defensa da competencia, ao presidente do Parlamento de Galicia; e aos representantes de órganos semellantes ao TGDC; (iii) presentación aos representantes de diversas asociacións empresariais e colexios de avogados; (iv) presentación á cidadanía das principais cidades de Galicia; (v) participación nos foros económicos que se organizaron en Galicia; (vi) elaboración da súa páxina web; e (viii) deseño e difusión dun tríptico informativo.

9.2.1. Deseño da imaxe corporativa

Para o deseño dos elementos básicos da súa imaxe corporativa, o TGDC púxose en contacto cunha empresa especializada. Despois de avaliar diversas alternativas, seleccionáronse os diferentes elementos de identificación. Entre estes destaca a marca:



9.2.2. Presentación ao presidente da Xunta de Galicia, aos conselleiros responsables de materias con vinculación coa defensa da competencia, ao presidente do Parlamento de Galicia, e aos representantes dos organismos públicos galegos

Os membros do TGDC comezaron a súa actividade presentando o organismo ao presidente da Xunta de Galicia, aos conselleiros responsables de materias con vinculación coa defensa da competencia, ao presidente do Parlamento de Galicia. Co mesmo obxectivo, visitaron os seguintes organismos públicos galegos: Tribunal Superior de Xustiza; Consello de Contas, Valedor do Pobo, Consello Consultivo e Consello Económico e Social.

9.2.3. Presentación aos representantes de diversas asociacións empresariais e colexios de avogados

Nos primeiros meses de funcionamento do TGDC, os seus membros levaron a cabo un programa de entrevistas cos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, cos presidentes das Cámaras de Comercio e Industria e cos decanos dos diversos colexios de avogados. Estas visitas institucionais tiñan como obxectivo dar a coñecer a existencia deste novo organismo e explicar as súas características e funcionamento.

9.2.4. Presentación á cidadanía das principais cidades de Galicia

Ao longo de 2005 e primeiros meses de 2006, o TGDC levou a cabo unha iniciativa de presentación nas principais cidades de Galicia, agás en Vigo. Esta presentación consistiu nunha conferencia que, baixo o título de “A Defensa da Competencia en Galicia: O Tribunal Galego de Defensa da Competencia”, pretendía informar das funcións e características da lei de defensa da competencia e dos órganos galegos de defensa da competencia.

O obxectivo destas conferencias era achegar o TGDC á sociedade galega e, dun xeito máis particular, aos operadores económicos. Elixíronse as sete grandes cidades de Galicia xa que nelas se concentra a meirande parte da actividade económica.

Para organizar estes actos pensouse nun anfitrión que tivera arraigo en cada unha das prazas a visitar, colaborando coas correspondentes cámara de comercio. Na Coruña o acto levouse a cabo na Confederación de Empresarios da Coruña, da que é presidente o que o é da propia confederación galega.

As presentacións iniciáronse nos últimos meses do 2005 (novembro e decembro), rematándose, por problemas coas datas, en xaneiro de 2006.

As datas e os participantes foron os seguintes:

- Cámara de Comercio de Lugo, martes, 29 de novembro de 2005.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.
- Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, mércores, 30 de novembro de 2005.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, e Fernando Varela Carid, vogal.
- Cámara de Comercio de Ferrol, luns, 12 de decembro de 2005.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, e Fernando Varela Carid, vogal.
- Confederación de Empresarios da Coruña, mércores, 15 de decembro de 2005.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, e Fernando Varela Carid, vogal.

- Cámara de Comercio de Pontevedra, xoves, 21 de decembro de 2005.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

- Cámara de Comercio de Ourense, xoves, 19 de xaneiro de 2006.
Relatores: José Antonio Varela González, presidente, D. Alfonso Vez Pazos e D. Fernando Varela Carid, vogais.

9.2.5. Participación nos foros de defensa da competencia e económicos que se organizaron en Galicia

No ano 2005, o TGDC colaborou de maneira activa no deseño e organización dun curso titulado “Fundamentos xurídico-económicos da defensa da competencia”, que tivo lugar en Vigo os días 12 a 15 de xullo do 2005, a iniciativa do Departamento de Economía Aplicada e do Departamento de Dereito Privado da Universidade de Vigo. Este curso coméntase máis polo miúdo nun apartado posterior.

No marco do III Congreso de Economía de Galicia, “Galicia nunha Europa ampliada: converxencia e benestar”, organizado polo IDEGA e celebrado en Vigo os días 1 e 2 de decembro de 2005, o presidente do TGDC fixo unha presentación pública do organismo, neste caso ao colectivo dos economistas galegos.

9.2.6. Elaboración da páxina web do TGDC

Outra iniciativa desenvolvida polo TGDC ao longo do seu primeiro ano de actividade foi o deseño e elaboración dunha páxina web institucional, con versión en galego, español e inglés.

Os contido da web do TGDC ten os seguintes apartados: (i) información; (ii) funcións; (iii) estrutura; (iv) procedemento; (v)

normativa; (vi) expedientes; (vii) informes; (viii) memorias; (ix) biblioteca; (x) enlaces; e (xi) dirección de contacto, de correo ordinario e electrónico.

9.2.7. Deseño e difusión dun tríptico informativo sobre a defensa da competencia e o TGDC

O TGDC editou no 2005 un tríptico informativo do que se fixo unha ampla difusión, mesmo cun mailing específico a empresas, no que se ofrecía información básica sobre a normativa de defensa da competencia, o procedemento de denuncia ante os órganos galegos, as características do TGDC e os modos de contactar con mesmo.

O tríptico enviouse, xunto cunha carta do presidente do TGDC, a 500 empresas en cada unha das catro provincias galegas, que foron seleccionadas tendo en conta a súa facturación no ano 2004.

9.3. Actividades relativas ao cumprimento das funcións asignadas

Neste ámbito cómpre considerar as reunións do Pleno do TGDC, así como as funcións que ten asignadas.

9.3.1. Sesións realizadas polo Pleno do TGDC

Durante o ano 2005, o TGDC tivo 18 reunións de Pleno. Nestas sesións tratáronse diversas cuestións relativas ao funcionamento interno do TGDC e ás actividades a desenvolver.

As datas correspondentes as sesións do Pleno do TGDC foron as seguintes:

- Número 1: 31 de xaneiro de 2005.
- Número 2: 20 de marzo de 2005.

- Número 3: 7 de abril de 2005.
- Número 4: 4 de xullo de 2005.
- Número 5: 6 de xullo de 2005.
- Número 6: 21 de xullo de 2005.
- Número 7: 27 de xullo de 2005.
- Número 8: 29 de xullo de 2005.
- Número 9: 15 de setembro de 2005.
- Número 10: 21 de setembro de 2005.
- Número 11: 13 de outubro de 2005.
- Número 12: 20 de outubro de 2005.
- Número 13: 10 de novembro de 2005.
- Número 14: 24 de novembro de 2005.
- Número 15: 30 de novembro de 2005.
- Número 16: 12 de decembro de 2005.
- Número 17: 21 de decembro de 2005.
- Número 18: 30 de decembro de 2005.

9.3.2. Actividades de resolución e sanción

Durante o ano 2005 non tivo entrada no TGDC ningún expediente sancionador relativo as prácticas que, segundo a Lei 6/2004, do 12 de xullo, en relación co disposto na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, correspóndelle resolver ao TGDC.

Neste punto cómpre lembrar que os expedientes, antes de chegar ao TGDC para a súa resolución, teñen que ser instruídos polo SGDC. A carencia de expedientes deste tipo no ano 2005 non debe sorprender dado o prazo temporal necesario para a instrución dos mesmos e o feito de que a subdirectora xeral que ocupa a xefatura do SGDC tomou posesión do seu cargo o día 1 de maio de 2005.

O número total de expedientes resoltos polo Tribunal de Defensa da Competencia, e mais o número dos que lle correspondería resolver ao TGDC, segundo os puntos de conexión da Lei 1/2002, se recollen no cadro que segue.

Expedientes resoltos polo Tribunal de Defensa da Competencia						
Ano	2003		2004		2005	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Expedientes sancionadores	2	19	1	22	1	25
Autorizacións singulares	2	29	1	39	1	25
Recursos contra actos do Servizo	1	39	4	43	1	36
TOTAL	5	87	6	105	3	86

Os expedientes considerados no ámbito territorial galego, a efectos de coñecer os sectores afectados, foron os seguintes:

Ano 2003:

- Expediente. 537/02. Prácticas prohibidas. Auto. RECICLADO DE VIDRO. 2 de decembro de 2003.
-
- Expediente 529/01. Prácticas prohibidas, resolución incidental de emenda de erros. ADMINISTRADORES DE FINCAS. 31 de xaneiro de 2003.
- Expediente A 331/03. Autorización singular. MOROSOS FERRALLISTAS DE PONTEVEDRA. 28 de maio de 2003.
- Expediente A 333/03. Autorización singular. MOROSOS FERRALLISTAS DE GALICIA. 24 de marzo de 2003.
- Expediente R 581/03. Recurso contra actos do Servizo. CELULOSAS. 19 de novembro de 2003.

Ano 2004.

- Expediente 578/04. Prácticas prohibidas. EKO-AMA MONDARIZ. 2 de novembro de 2004.
- Expediente A 346/2004. Autorización singular. PRODUCTOS LÁCTEOS. 25 de xuño de 2004.
- Expediente R 579/03. Recurso contra actos do Servizo. DIARIO LA REGIÓN. 8 de xuño de 2004
- Expediente R 530/02. Recurso contra actos do Servizo. ABASTECIMIENTO AUGA FENE. 7 de maio de 2004.

- Expediente R 599/03. Recurso contra actos do Servizo. AMBULANCIAS DE OURENSE. 17 de febreiro de 2004.
- Expediente R 566/03. Recurso contra actos do Servizo. ESTACIÓNS DE SERVIZO DE GALICIA. 27 de Janeiro de 2004.

Ano 2005.

- Expediente 483/00. Prácticas prohibidas. COLEXIO XESTORES ADMINISTRATIVOS GALICIA. 23 de outubro de 2005.
- Expediente A 352/05. Autorización singular. MOROSOS FABRICANTES CEMENTO GALICIA. 24 de maio de 2005.
- Expediente 670/05. Recurso contra actos do Servizo. UNIÓN FENOSA 2. 7 de decembro de 2005.

Como resulta evidente do cadro anterior, o número de expedientes resoltos polo Tribunal de Defensa da Competencia cada ano sitúase ó redor de 100. O número de expedientes sancionadores é reducido, ningún ano por riba dos 30 casos. Suposta unha porcentaxe do 6% para Galicia, de continuar a tendencia rexistrada nos últimos anos, corresponderíanlle ó redor de 6 expedientes, dos cales dous serían do tipo sancionador.

Cara ó futuro, cabe indicar que na actualidade a variante máis frecuente de solicitudes de autorización singular –para rexistros de morosos– desapareceu do noso ordenamento interno⁴, polo que é posible estimar unha diminución dos expedientes relativos a autorizacións singulares.

⁴ Na actualidade estes acordos xa non precisan, co carácter xeral, dunha autorización ex-ante emitida por unha autoridade de competencia, como o TGDC. No modelos de “excepción legal” establecido polo recente Real Decreto 602/2006, de 19 de maio, os

Por outra banda, as consultas realizadas polos axentes económicos ao TGDC adoitan indicar un certo temor dos máis dependentes a realizar denuncias. Esta situación deberíase tratar de evitar mesmo a través da actuación de oficio do SGDC.

9.3.3. Actividades consultivas e de emisión de informes

As actividades consultivas e de emisión de informes son especialmente importantes para un órgano como o TGDC, especializado en materia de defensa da competencia.

Durante o ano 2005, o TGDC desenvolveu estas actividades en tres áreas: (i) emisión de informes sobre proxectos normativos; (ii) emisión de informes sobre instalación de grandes establecementos comerciais; (iii) emisión doutros informes.

9.3.3.1. Emisión de informes sobre proxectos normativos

Nesta materia tres proxectos son de especial interese: (i) o relativo ao Decreto de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; (ii) o relativo á modificación da actual lei de defensa da competencia, e (iii) o relativo á aprobación do Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos sobre intercambio de información sobre morosidade.

A. Decreto de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Conforme ao establecido no artigo 3.3, letra a) da Lei 6/2004, do 12 de xullo, entre as competencias consultivas e de emisión de informes

operadores económicos teñen que examinar as súas condutas, de modo que eles mesmos deben determinar, sen notificación previa, se a súa conduta é lícita ou non.

recoñecidas ao TGDC atópase a de “emitir informe, preceptivamente, sobre os proxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, este texto legal, así como os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan”.

En exercicio da citada competencia, o TGDC emitiu o seu informe preceptivo sobre o borrador do que, logo da súa aprobación, foi o Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

B. Participación do TGDC no debate sobre a reforma do sistema español de defensa da competencia

O ano 2005 foi un período de intensa actividade no que se refire ao marco xeral da defensa da competencia en España, pois a principios dese ano iniciouse o proceso de reflexión preparatorio da reforma impulsada polo Ministerio de Economía e Facenda da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

O punto de arranque do citado proceso tivo lugar na presentación o 20 de xaneiro no Ministerio de Economía e Facenda, do denominado “*Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia*”⁵

O citado documento abriu un intenso debate sobre a necesidade e contido da reforma da Lei de defensa da competencia, especialmente tras a entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1/2003, do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 CE⁶, así como tras a asunción de competencias nesta materia polas comunidades autónomas.

⁵ Este documento pódese consultar na dirección: http://www.dgdc.meh.es/LibroBlanco/Libro_Blanco%20_Reforma_Def_Competencia.pdf

⁶ DO L 1, do 4.1.2003, p. 1.

O período de información pública, que durou tres meses, suscitou un número importante de observacións dos organismos públicos e dos axentes privados, accesibles na páxina web do Servizo de Defensa da Competencia⁷. Entre as citadas observacións atopábanse as presentadas polo TGDC e pola Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda. O documento elaborado polo TGDC incorpórase como anexo a presente Memoria.

Posteriormente, no marco da participación do presidente do TGDC no Consello de Defensa da Competencia, órgano de coordinación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, desenvolvido ao abeiro do artigo 5 da lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia, foille remitido ao TGDC un borrador de anteproxecto de lei de defensa da competencia destinado a reempazar a vixente lei 16/1989, do 17 de xullo, emendada en varias ocasións.

O texto remitido ao TGDC foi examinado polos seus membros, elaborándose unha resposta tras o debate efectuado no Pleno nº 16 celebrado o 12 de decembro de 2005, baixo o título de “Observacións sobre o Borrador de Anteproxecto de Lei de Defensa da Competencia” do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

No citado documento, que se incorpora como anexo a presente Memoria, o TGDC quixo deixar constancia das melloras introducidas en aspectos como o réxime sancionador, a introdución do programa de clemencia e outros ámbitos do anteproxecto. Sen embargo, tamén subliñou un conxunto de limitacións no texto que, ao seu xuízo, derivaban basicamente da non integración, coas melloras pertinentes, da Lei 1/2002, do 21 de febreiro.

⁷ <http://www.dgdc.meh.es/ContribuciónLibroBlanco.htm>

Así, o TGDC indicou que manter a autonomía da citada Lei 1/2002, en lugar de proceder a súa integración na nova norma, constituía unha oportunidade perdida de dotar ao sistema de maior coherencia, así como de clarificar algúns conceptos ambiguos e de establecer un sistema máis equitativo de reparto competencial.

Os puntos do anteproxecto que se cuestionaron no informe do TGDC foron os seguintes: (i) a non integración da Lei 1/2002 no novo texto; (ii) a non modificación de algúns apartados da Lei 1/2002; (iii) a non asignación aos órganos autonómicos, nos seus respectivos territorios, de facultades idénticas ás atribuídas á futura Comisión Nacional de Competencia (CNC); e (iv) a excesiva anticipación na desaparición das autorizacións singulares.

C. Participación do TGDC no debate sobre o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos sobre intercambio de información sobre morosidade

Á petición da directora xeral de Defensa da Competencia, o TGDC emitiu un informe no que, partindo dunha avaliación favorable sobre a oportunidade de recoller nunha norma legal a exención da aplicación da Lei de defensa da competencia aos acordos de intercambio de información sobre morosos, realizaba cinco observacións substantivas de carácter xeral ao texto do proxecto e o mesmo número de observacións de carácter formal, todas elas orientadas a acadar o mellor regulamento posible.

9.3.3.2. Emisión de informes sobre a implantación de grandes establecementos comerciais

O artigo 3 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, no seu parágrafo terceiro, letra f), establece entre as competencias consultivas e de emisión de informes que corresponden ao TGDC a de “emitir informe con carácter

non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A orixe dos citados informes atópase no Decreto 341/1996, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais e se regula a implantación de grandes establecementos comerciais na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma introduciu un sistema de autorización en virtude do cal a apertura dun grande establecemento comercial⁸ require da obtención dunha licenza comercial específica que outorgará a Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 7 do Decreto).

Nos citados informes identifícase ao solicitante e examínase o proxecto presentado tomando en consideración as súas características físicas, a súa oferta e o importe do investimento previsto. Así mesmo, analízanse as características da zona de influencia do establecemento comercial, os competidores e a cota de mercado posible da nova gran superficie. Finalmente, identifícanse os efectos sobre a competencia que podería ocasionar a apertura do novo establecemento comercial.

No ano 2005, o TGDC recibiu e informou sobre nove expedientes de instalación de grandes establecementos comerciais. Estes foron os seguintes:

– GEC 1/2005: MEDIA MARKET SATURN ADMINISTRACIÓN ESPAÑA, S.A.U. Concello de Arteixo (A CORUÑA). Relator: D. José Antonio Varela González.

Entrada no TGDC: 28 de febreiro de 2005.

⁸ O Decreto 341/1996, do 13 de setembro, no seu artigo 6, sinala que “terán a consideración de grandes establecementos comerciais, para os efectos do disposto neste decreto, os locais e as construcións ou instalacións de carácter fixo e permanente destinados ó exercicio regular de actividades comerciais, da que a superficie útil para a exposición e venda ó público sexa superior a 2.500 metros cadrados”.

Informado favorablemente polo 2º Pleno do TGDC na súa reunión do 28 de marzo de 2005.

– GEC 2/2005 LEROY MERLIN, S.A. Concello de Arteixo (A CORUÑA). Relator D. Fernando Varela Carid.

Entrada no TGDC: 28 de febreiro de 2005.

Informado favorablemente polo 2º Pleno do TGDC na súa reunión do 28 de marzo de 2005.

– GEC 3/2005: EROSMER IBERICA, S.A., Concello de Arteixo (A CORUÑA). Relator: D. José Antonio Varela González.

Entrada no TGDC: 28 de febreiro de 2005.

Informado favorablemente polo 2º Pleno do TGDC na súa reunión do 28 de marzo de 2005.

– GEC 4/2005: AKI BRICOLAGE. ESPAÑA, S.L. Concello de Lugo. Relator: D. Fernando Varela Carid.

Entrada no TGDC: 15 de xuño de 2005.

Informado favorablemente polo 5º Pleno do TGDC na súa reunión do 6 de xullo de 2005.

– GEC 5/2005): CENTROS COMERCIALES CARREFOUR, S.A.. Concello de Ferrol (A CORUÑA). Relator D. Fernando Varela Carid (5 Pleno, 6 de xullo de 2005).

Entrada no TGDC: 4 de xullo de 2005.

Informado favorablemente polo 6º Pleno do TGDC na súa reunión do 21 de xullo de 2005.

– GEC 6/2005: JARDI OLEIROS, S.A.. Concello de Oleiros (A CORUÑA), Relator: D. Fernando Varela Carid

Entrada no TGDC: 26 de xullo de 2005.

Informado favorablemente polo 8º Pleno do TGDC na súa reunión do 29 de xullo de 2005.

- GEC 7/2005: DECATHLON ESPAÑA, S.A.U. Concello de Vigo (PONTEVEDRA). Relator: D. Alfonso Vez Pazos
Entrada no TGDC: 7 de novembro de 2005.
Informado favorablemente polo 15º Pleno do TGDC na súa reunión do 30 de novembro de 2005.

- GEC 8/2005: CENTROS COMERCIALES CARREFOUR, S.A. Concello de Santiago de Compostela (A CORUÑA). Relator: D. Fernando Varela Carid.
Entrada no TGDC: 30 de novembro de 2005.
Informado favorablemente polo 16º Pleno do TGDC na súa reunión do 30 de decembro de 2005.

- GEC 9/2005: EROSMER IBÉRICA, S.A.. Concello de Vigo, (PONTEVEDRA). Relator D. Alfonso Vez.
Entrada no TGDC: 19 de decembro de 2005.
Informado favorablemente polo 20º Pleno do TGDC na súa reunión do 2 de febreiro de 2006.

9.3.3.3. Emisión de outros informes

Nesta categoría intégrase o informe elaborado polo TGDC, a petición da directora xeral de Comercio e Consumo, sobre a esixencia do Tribunal de Defensa da Competencia (da Administración Xeral) de participar no proceso de evacuación de informe sobre a implantación de grandes establecementos comerciais en Galicia.

Neste informe o Tribunal de Defensa da Competencia sinalaba que, na medida en que a Lei estatal 7/1996 non foi modificada, non podía entenderse derogada a competencia deste organismos para a emisión do referido informe. E isto aínda que a normativa galega de defensa da competencia (Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia) prevea un informe do TGDC.

Como consecuencia do anterior, o TDC instaba a citada dirección xeral, encargada de tramitar a referida licenza, a que tódolos expedientes que se tramitaran en Galicia contaran co informe do propio Tribunal de Defensa da Competencia.

No informe, o TGDC recollía, en relación ó art. 6.2 da Lei 7/1996, impugnado, o Fundamento 4 da Sentenza do Tribunal Constitucional 124/2003, na que se sinala textualmente que :

“de acuerdo con la STC 208/1999 sólo corresponderá al Tribunal de Defensa de la Competencia emitir el preceptivo informe en relación a la licencia comercial específica para establecimientos que pretendan ubicarse en una zona que pueda alterar la competencia en un ámbito supracomunitario. En los demás casos, la emisión de dicho informe debe considerarse una facultad ejecutiva que corresponde a la Comunidad Autónoma en virtud de su competencia exclusiva sobre comercio interior”.

Para rematar, o TGDC, ao abeiro do artigo 3.3.d) da Lei 6/2004, de 12 de xullo, solicitou comparecer como parte interesada no procedemento de control na operación de concentración empresarial GAS NATURAL SDG S.A. – ENDESA S.A. Esta solicitude foi rexeitada polo Tribunal de Defensa da Competencia tanto no primeiro contacto como no requirimento posterior realizado polo TGDC. Con data do 7 de febreiro de 2006, o conselleiro de Innovación e Industria solicitou ao Tribunal a emisión dun informe sobre os efectos sobre a competencia en Galicia da antedita operación de concentración.

9.3.4. Actividades de promoción e difusión na sociedade dos méritos da libre competencia

No inciso final do artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro⁹, establécese, entre as funcións atribuídas ao TGDC, a de difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia.

Esta función, coñecida no ámbito anglosaxón como “*advocacy*”, está destinada a converterse de feito nunha das tarefas máis importantes dos órganos autonómicos de defensa da competencia.

O TGDC, a través do informe que debe remitir anualmente ao Parlamento de Galicia, efectúa una avaliación da situación da competencia na nosa Comunidade, que debe servir para constatar os avances, ou retrocesos, que se vaian producindo neste campo e alertar, en caso necesario, ao poder lexislativo e ao executivo.

Mais alá de tal diagnóstico, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 20/2005, o TGDC poderá promover a realización dos estudos en materia de competencia que estime convenientes, así como desenvolver as actividades necesarias para difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia. Esta actividade aparece recollida con claridade no “*Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia*”, baixo a rúbrica da “proxección social da competencia”

Neste documento sublíñase que, xunto á actividade pura de aplicación da función sancionadora, as autoridades de competencia teñen que desempeñar unha tarefa de promoción e impulso da competencia e do funcionamento eficiente dos mercados.

Nesta área, o TGDC iniciou no ano 2005 os trámites necesarios para realizar un estudo sobre a situación da competencia en Galicia, de modo

⁹ DOG nº 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639.

que puidera ter coñecemento dos sectores económicos nos que existían problemas de competencia importantes.

Algunhas das iniciativas desenvolvidas para dar a coñecer a creación do TGDC tamén tiveron unha función de promoción dos beneficios da competencia, xa que o TGDC tentou aproveitar todas as ocasións para elo. Entre estas actividades teñen especial relevancia dende este punto de vista as seguintes: (i) o programa de presentación á cidadanía nas sete cidades principais de Galicia; (ii) a dispoñibilidade da súa páxina web; e (iii) o deseño e difusión do tríptico informativo remitido a máis de dúas mil empresas.

9.4. Actividades para o desenvolvemento das relacións institucionais con outras autoridades de defensa da competencia e asistencia a actividades relacionadas coa defensa da competencia

A Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia prevé no seu artigo 5, entre os mecanismos de coordinación, a creación do Consello de Defensa da Competencia como órgano de colaboración, coordinación e información recíproca entre o Estado e as Comunidades Autónomas para promover a aplicación uniforme da lexislación de competencia.

O citado consello actúa en Pleno, que se reunirá alomenos unha vez ao ano, e do que forman parte os seguintes membros:

- Un representante de cada Comunidade Autónoma con competencias en materia de defensa da competencia.
- Un número igual de representantes da Administración Xeral do Estado nomeados polo Ministro de Economía e Facenda, entre os cales figurarán o Director do Servizo de Defensa da Competencia, que o presidirá, e tres vogais do Tribunal de Defensa da Competencia designados polo seu Presidente.

- Un Secretario, con voz pero sen voto, nomeado polo Ministro de Economía e Facenda.

Entre as funcións asignadas ao citado órgano atópanse as seguintes:

- Realizar o seguimento periódico da política de defensa da competencia por parte das distintas Administracións públicas.
- Promover o intercambio de información e a realización e publicación de estudos nos que se poñan de manifesto os criterios seguidos polas distintas Administracións na aplicación da normativa de defensa da competencia.
- Informar sobre os proxectos de disposición de carácter xeral que afecten ás materias da defensa da competencia nas que as Comunidades Autónomas teñen competencias de execución.

Conforme ao previsto no artigo 6, letra c), entre as funcións asignadas ao presidente do TGDC atópase a de representar a Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Defensa da Competencia.

Ao longo do 2005, o citado consello reuniuse dúas veces:

- o 20 de xaneiro de 2005: 3ª Reunión do Consello de Defensa da Competencia. Esta reunión foi o marco elixido para presentar o "*Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia*".

- o 20 de decembro de 2005: 4ª Reunión do Consello de Defensa da Competencia. Nesta xuntanza examinouse o borrador de anteproxecto de lei de defensa da competencia.

Xunto a este órgano estable, establecéronse contactos informais e reunións de traballo dos presidentes dos diferentes tribunais de defensa

da competencia de España. Ao longo de 2005 tiveron lugar tres reunións: en Barcelona, Santiago de Compostela e Madrid.

Para iniciar a relación con outras autoridades internacionais de defensa da competencia, o TGDC estivo presente nos seguintes foros:

- International Competition Network. Annual Conference: Bonn, Germany, 5-8 June 2005.

Asistente. Fernando Varela Carid. Vogal.

- XII International Conference on Competition (XII Conferencia Internacional sobre Competencia), organizada por el Bundeskartellamt., en xuño do 2005.

Asistente. Fernando Varela Carid. Vogal.

Ao longo do 2005, os membros do TGDC asistiron a diferentes cursos, xornadas e seminarios relacionados coa defensa da competencia.

En primeiro lugar destaca o curso titulado “Fundamentos xurídico-económicos da defensa da competencia”, que tivo lugar en Vigo entre os días 12 e 15 de xullo do 2005, a iniciativa do Departamento de Economía Aplicada e do Departamento de Dereito Privado da Universidade de Vigo.

Este curso, que contou co apoio financeiro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e do propio TGDC, tiña como obxectivo proporcionar unha formación ampla sobre os principais aspectos do dereito da competencia, analizados tanto desde unha perspectiva económica como xurídica.

Por unha banda, analizáronse as principais condutas prohibidas e sometidas a control polo dereito da competencia, centrando a atención de maneira especial nas últimas modificacións normativas e nas propostas de cambio que tiveran lugar recentemente. Por outra,

examináronse as principais ferramentas económicas para a aplicación práctica da lexislación de competencia. Para rematar, ilustrouse a práctica xurídica coa análise de casos por parte de expertos implicados nos mesmos.

O curso contou con destacados especialistas, tanto profesores universitarios con experiencia docente e investigadora en economía e dereito da competencia, como membros do Servizo de Defensa da Competencia, Tribunal de Defensa da Competencia, Tribunal Catalán de Defensa da Competencia e Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Entre as xornadas nas que participaron membros e persoal do TGDC atópanse as seguintes:

- XV Xornadas do Tribunal de Defensa da Competencia. “A reforma da Lei de defensa da competencia”, Tribunal de Defensa da Competencia, Madrid, 22 de febreiro de 2005.

Asistentes: Fernando Varela Carid, vogal, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

- V Xornadas de Dereito e Economía da Competencia “A reforma da Lei de Defensa da Competencia”, organizadas pola Cátedra Fundación ICO–Nebrija de Dereito e Economía da Competencia, celebrada en Madrid, os días 24 de febreiro e 3 de marzo de 2005.

Asistentes: Alfonso Vez Pazos, vogal, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

- IV edición da Escola Iberoamericana de Defensa da Competencia, organizada polo Tribunal de Defensa da Competencia, Madrid, 22 de maio ao 2 de xuño de 2005.

Asistentes: Alfonso Vez Pazos, vogal, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

- Conferencia de Jean Tirole, Director científico do Instituto de Economía Industrial: “En qué se diferencian as telecomunicacións, o software, as tarxetas de crédito, os medios de comunicación e os videoxogos doutros mercados e o seu significado para o futuro da economía”. Fundación BBVA, Madrid, 15 de novembro de 2005.

Asistentes: José Antonio Varela González, presidente, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

- Segundo Seminario de Dereito e Economía da Competencia, organizado pola Fundación Rafael del Pino, baixo o título “O Abuso da posición de dominio a debate”, Madrid, 16 de novembro do 2005.

Asistentes: José Antonio Varela González, presidente, e José Antonio Rodríguez Miguez, secretario.

10. OBXECTIVOS DO TGDC PARA O ANO 2006

Para o segundo ano da súa existencia (2006), os obxectivos establecidos para o TGDC derivan dos fins comentados no apartado 7. Nun sentido xeral, a actuación do TGDC estará orientada a cumprir dun xeito adecuado as funcións que lle foron asignadas e que se expresan nos catro fins. Ademais, o TGDC manterá o esforzo iniciado no ano anterior orientado a realización axeitada das súas tarefas. En definitiva, os obxectivos do TGDC para o ano 2006 son os que se expresan a continuación.

10.1. Resolver dun xeito adecuado e rápido os expedientes relativos a condutas anticompetitivas e autorizacións singulares que teñan entrada no TGDC

Posto que nos últimos meses do ano 2005 e nos primeiros de 2006 tiveron entrada, no SGDC, expedientes de denuncia por condutas anticompetitivas e solicitudes de autorización singular, o TGDC espera comezar o desenvolvemento desta importante función no presente ano. A recollida de información sobre situacións semellantes acontecidas con anterioridade permitirá unha resolución axeitada aos fundamentos existentes e máis rápida.

10.2. Realizar informes e funcións consultivas

O TGDC propónse tamén incrementar o número de informes que emita durante o ano 2006. Aínda que a súa labor nesta materia está condicionada á previa petición polos órganos competentes para solicitalos, o TGDC tratará de trasladar a ditos órganos a importancia das cuestións relativas á competencia e a oportunidade que representa poder dispor dun asesoramento específico nesta materia.

10.3. Estimular a actuación de oficio do SGDC

Dentro das súas posibilidades e ao abeiro da previsión contida no artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, o TGDC tratará de estimular a actuación de oficio do SGDC, dentro do escrupuloso respecto á división de funcións establecida legalmente, e que dá cumprimento á doutrina do Tribunal Constitucional na materia. Para elo, o TGDC informará ao SGDC de todas aquelas actividades das que teña coñecemento que poidan dar lugar á instrución dun expediente por condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004.

10.4. Afondar no coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia

Para acadar este obxectivo estímase preciso que o TGDC continúe o debate sobre a realización de estudos sobre a situación dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia. Esta cuestión xa foi abordada en diferentes Plenos do ano 2005 e principios do 2006 para precisar as materias sobre as que deberían versar os estudos e o xeito en que se deberían realizar.

O primeiro estudo a realizar terá por obxecto identificar os sectores onde poden existir máis restricións á competencia.

Outro estudo de interese é o relativo á función de arbitraje que se lle pode encomendar ao TGDC segundo as leis (punto g. do artigo 3.3. da Lei 6/2004), dadas as dúbidas existentes sobre este punto. Neste caso, o estudo terá unha temática exclusivamente xurídica, e mesmo procedimental, polo que será asumido polos membros do Pleno do TGDC con formación na materia.

En todos os casos, os estudos que se leven a cabo terán como fin xeral identificar vías de actuación positivas para favorecer a competencia nos mercados de Galicia.

10.5. Promover o coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia

Tal como se sinalou en páxinas precedentes, é importante que a sociedade galega coñeza ben as vantaxes da libre competencia e os prexuízos que causan as condutas anticompetitivas. O TGDC pretende continuar os seus esforzos neste sentido durante o ano 2006 con varias actividades, entre as que cabe destacar as que figuran a continuación.

O TGDC ten previsto organizar un curso de verán no marco da Universidade Menéndez Pelayo, na súa sede en Galicia. O curso versará sobre a reforma do sistema español de defensa da competencia, en razón da inminente presentación do anteproxecto de lei de defensa da competencia.

O TGDC tamén anticipa para o ano 2006 a organización de conferencias a cargo de personalidades de prestixio no ámbito da competencia, que pola súa relevancia social, contribúan a promover o coñecemento da importancia de garantir o respecto ás regras da competencia.

Neste eido, o TGDC ten previsto organizar unha xornada sobre “Aplicación da análise económica e de métodos cuantitativos á defensa da competencia”, na que se espera contar cos máximos especialistas na materia, tratando de xerar un debate sobre este aspecto crucial da aplicación das técnicas da análise económica á libre competencia.

É necesario tamén difundir entre o persoal funcionario as características básicas do sistema de defensa da competencia e os procedementos de funcionamento. Con ese obxectivo, no ano 2006 no marco dos cursos de formación continua programados pola Escola Galega de

Administración Pública (EGAP), o TGDC propondrá a realización dun curso sobre “Defensa da competencia e Comunidades Autónomas”¹⁰.

Asemade, o TGDC manterá a súa plena disposición a participar en cantos actos adecuados para difundir as vantaxes da libre competencia e o funcionamento dos órganos encargados da súa defensa.

10.6. Ampliar e fortalecer as relacións institucionais do TGDC

Para acadar este obxectivo, os membros do TGDC estarán presentes nos foros máis importantes que, na materia de competencia, se desenvolvan tanto a nivel nacional como internacional. Isto permitirá reforzar os lazos con outras institucións equivalentes, co obxectivo dunha posible colaboración futura na consecución de obxectivos de interese común.

¹⁰ O curso foi desenvolvido no mes de maio de 2006.

SÉ DO TGDC E XEITOS DE COMUNICARSE CO MESMO.

Área Central, 1º – Locais L34-F2-G-H-I
15703 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 95 75 67.

Correo electrónico: info@tgdcompetencia.org

Web: www.tgdcompetencia.org

ANEXOS

ANEXO I.

Normativa galega sobre defensa da competencia.

A. Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 141, do 12 de xullo de 2004, p. 10.450. Corrección de erros: DOG nº 199, do 13 de outubro de 2004, p. 13.946. DOG nº 203, do 19 de outubro de 2004, p. 14.166).

O Tribunal Constitucional, na Sentenza número 208, do 11 de novembro de 1999, declarou a inconstitucionalidade da cláusula «en todo ou en parte do mercado nacional» contida expresamente ou por remisión nos artigos 4, 7, 9, 10, 11 e 25, letras a) e c), da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. A inconstitucionalidade deriva da atribución ao Estado da totalidade da competencia executiva na materia «defensa da competencia», co que se invaden, deste xeito, as competencias que neste campo deben recoñecérselles ás comunidades autónomas que, en virtude dos seus propios estatutos, asumisen a competencia sobre a materia «comercio interior».

Cumprindo o mandato contido na citada sentenza do Tribunal Constitucional, as Cortes Xerais aprobaron a Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. Esta norma establece os mecanismos para que as comunidades autónomas que dispoñan de competencias de execución na materia poidan facer efectivo o seu exercicio.

A Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 30.I.4 do seu Estatuto de autonomía, asumiu competencias executivas sobre defensa da competencia. En particular, correspóndelle o exercicio,

dentro do seu territorio, de todas as actuacións executivas de carácter administrativo respecto das condutas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da Lei de defensa da competencia, así como o exercicio das competencias relativas ás autorizacións singulares ás que se refire o artigo 4 desa lei, cando tales condutas limiten a libre competencia no ámbito da Comunidade Autónoma, e non afecten un ámbito supraautonómico ou o conxunto do mercado nacional español.

Esta lei ten por obxecto exercitar as devanditas competencias, para o que se crean o Tribunal Galego de Defensa da Competencia e o Servizo Galego de Defensa da Competencia, dentro dun sistema de aplicación compartida da Lei de defensa da competencia, de acordo cos criterios de conexión e cos mecanismos de coordinación, cooperación e información recíproca establecidos na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas nesta materia. Estes órganos serán os encargados da instrución e da resolución dos expedientes: o Tribunal de Defensa da Competencia como organismo autónomo, independente, de resolución e proposta, e o Servizo de Defensa da Competencia, como órgano xerarquizado, de instrución e de vixilancia, integrado na estrutura orgánica da consellaría competente en materia de economía e facenda.

A previsión estatutaria sería de por si razón suficiente para proceder á creación de tales órganos, pois as competencias asúmense para seren exercitadas. Ademais, o desenvolvemento da economía galega esixe a maior eficiencia e vixilancia dos mercados por unha autoridade próxima e coñecedora do contorno. E todo iso constitúe un argumento decisivo a prol da creación de órganos propios de defensa da competencia cunha estrutura sinxela que poidan atender as necesidades da sociedade e da economía galegas. Polo demais, a creación dos órganos autonómicos non ten por que supoñer unha perda de eficacia na aplicación da Lei de defensa da competencia. Pola contra, se todas as instancias concorrentes actúan baixo o principio de lealdade constitucional, incrementarase tal eficacia. Neste sentido, a Unión Europea ten

publicado unha chea de normas de diverso rango sobre a rede de autoridades da competencia e da cooperación entre elas, para salientar que a descentralización na execución implicará unha maior e máis eficaz aplicación das regras da competencia en toda a Unión Europea. Abonda citar como exemplo desta política o Regulamento (CE) 1/2003, do 14 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado (DOCE L1/1, do 4 de xaneiro de 2003). Para iso só é preciso articular os criterios de conexión e os mecanismos de cooperación e intercambio de información adecuados para tal fin, partindo do principio de que debe coñecer a autoridade mellor colocada para iso, que non é outra que a do territorio no cal a conduta restritiva produce, con carácter exclusivo ou principal, os seus efectos negativos sobre as condicións de competencia reinantes no mercado.

Polo que respecta á configuración xurídica do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, optouse por crear un organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia como solución máis idónea para reforzar a súa imaxe de independencia ante o mercado. É precisamente esta opción a que determina que o tribunal se teña que regular nunha norma con rango de lei. Pola súa parte, o Servizo Galego de Defensa da Competencia non se integra na estrutura do organismo, senón que permanece na consellaría competente en materia de economía e facenda, de modo que ambas fases do procedemento, a instrución e a resolución, se desenvolven de xeito separado e independente.

No título I regúlase o Tribunal Galego de Defensa da Competencia. O capítulo I deste título regula a natureza e funcións do tribunal, o capítulo II a súa organización. As funcións do presidente ou presidenta están definidas no capítulo III e o funcionamento do tribunal no capítulo IV. Finalmente o capítulo V deste título está dedicado ao réxime económico e de persoal e contratación. O título II refírese ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, a súa natureza e funcións, así como

ao Rexistro Galego de Defensa da Competencia, incluído na estrutura do servizo. O título III inclúe as disposicións xerais, que afectan ambos órganos. O texto péchase cunha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 (do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título I

Do Tribunal Galego de Defensa da Competencia

Capítulo I

Natureza e funcións

Artigo 1º.-Natureza xurídica.

1. Créase o Tribunal Galego de Defensa da Competencia como organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias¹¹.

¹¹ Decreto 247/2004, do 21 de outubro, polo que se modifica o Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda. (DOG nº 211, do 29 de outubro de 2004, p. 14.703): Artigo 1º: Engádese como novo parágrafo segundo da epígrafe 2 do artigo 2º do Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda, o seguinte:

«-O Tribunal Galego de Defensa da Competencia, organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Economía e Facenda, creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia».

2. O Tribunal Galego de Defensa da Competencia adscíbese á consellaría competente en materia de economía e facenda.

Artigo 2º.-Fins.

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva.

Artigo 3º.-Funcións.

De acordo co réxime establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, correspóndelle ao tribunal:

1. Resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto:

a) Acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas, prohibidas no número 1 do artigo 1 da Lei de defensa da competencia.

b) Condutas de explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio no mercado, ou dunha situación de dependencia económica, prohibidas ambas no artigo 6 da Lei de defensa da competencia.

c) Actos de competencia desleal que por falsearen a libre competencia resulten prohibidos conforme o artigo 7 da Lei de defensa da competencia.

Así mesmo, o tribunal, por proposta do Servizo Galego de Defensa da Competencia, poderá adoptar, consonte o establecido na lexislación

estatal, as medidas preventivas necesarias tendentes a aseguraren a eficacia da resolución que se dite no seu momento.

2. Resolver os procedementos en materia de autorización de acordos, decisións, recomendacións e prácticas ás que se refire o artigo 1 da Lei de defensa da competencia, nos supostos e cos requisitos previstos no artigo 3 da mencionada lei.

3. As seguintes competencias consultivas e de emisión de informes:

a) Emitir informe, preceptivamente, sobre os proxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, este texto legal, así como os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.

b) Emitir informe nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia cando así o solicite o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado.

c) Enviarlle ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado a información que lle poida solicitar no marco do procedemento de control de concentracións regulado na Lei de defensa da competencia.

d) Solicitar comparecer como parte interesada nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando o proxecto ou a operación afecte empresas radicadas ou con establecementos abertos no territorio da Comunidade galega.

e) Emitir, por requirimento do Servizo de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado, o informe preceptivo, non vinculante, en relación con aquelas condutas que, afectando un ámbito supraautonómico ou o conxunto do mercado nacional, incidan, de

forma significativa, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, á que se refire o artigo 5.4 da Lei de coordinación de competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

f) Emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis.

h) Elaborar o informe que, por pedimento do órgano xudicial competente, prevé o artigo 13 da Lei de defensa da competencia sobre as eventuais indemnizacións de danos e perdas derivadas das condutas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da mencionada lei, cando os procedementos que teñan por obxecto tales condutas prohibidas lle correspondesen á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos puntos de conexión establecidos na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

i) Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia, sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado e á Comisión Europea. Para estes efectos, o concepto de axuda pública será o que define o artigo 19.2 da Lei de defensa da competencia.

j) Elaborar unha memoria anual.

k) Remitirille anualmente ao Parlamento a memoria de actividades e un informe sobre a situación da competencia en Galicia.

4. Outorgar as autorizacións singulares previstas no artigo 4 da Lei de defensa da competencia, de acordo co establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas na materia.

Así mesmo, corresponderalle asumir todas aquelas competencias que lle atribúa a lexislación aplicable en materia de defensa da competencia.

Capítulo II

Organización

Artigo 4º.-Composición.

1. O Tribunal Galego de Defensa da Competencia estará rexido polo pleno, integrado polo presidente ou presidenta e dous vogais.

2. O presidente ou a presidenta e os vogais teñen a consideración de altos cargos e serán nomeados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de economía e facenda, entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio profesional.

3. O nomeamento do presidente ou presidenta e dos vogais será por un período de cinco anos, renovable por unha soa vez. Non obstante, ao expirar o prazo do seu mandato continuarán no exercicio das súas funcións deica a toma de posesión dos novos vogais ou, se é o caso, do presidente ou presidenta.

O presidente ou presidenta, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e agás delegación expresa nalgún dos vogais, será

substituído polo vogal de maior antigüidade e, a igualdade de antigüidade, polo de maior idade.

4. Os membros do tribunal exercerán a súa función con dedicación absoluta e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración autonómica.

5. O tribunal estará asistido por un secretario.

Artigo 5º.-Causas de cesamento e suspensión no exercicio do cargo.

1. Os cargos de presidente ou presidenta e vogal son inamovibles, sen que poidan ser cesados, suspendidos nin declarados incapaces, agás nos casos e na forma previstos nas leis.

2. O presidente ou presidenta e os vogais cesarán no seu cargo:

a) Por renuncia.

b) Por expiración do termo do seu mandato.

c) Por incompatibilidade sobrevida, estimada por decisión administrativa ou xudicial firme, de acordo co réxime de incompatibilidades de altos cargos.

d) Por teren sido condenados por delito.

e) Por incapacidade permanente.

f) Por destitución, acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por iniciativa, polo menos, dalgún membro do tribunal, por incumprimento grave dos deberes do seu cargo.

3. O presidente ou presidenta e os vogais do Tribunal Galego de Defensa da Competencia só poderán ser suspendidos no exercicio do seu cargo:

- a) Cando se ditase contra eles auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral en procedementos por delito.
- b) Cando se acorde en expediente disciplinario ou de declaración de incapacidade transitoria.
- c) Por sentenza firme condenatoria que impoña a suspensión como pena principal ou accesoria.

Capítulo III

O presidente ou presidenta do Tribunal Galego de Defensa da Competencia

Artigo 6º.-Funcións.

1. Correspóndenlle ao presidente ou presidenta do tribunal as seguintes funcións:

- a) A representación ordinaria deste e a convocatoria das sesións do Pleno¹².
- b) Manter a boa orde e o goberno do tribunal, velando polo adecuado cumprimento e a aplicación das súas normas de organización e funcionamento.
- c) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Defensa da Competencia, creado pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- d) A xefatura do persoal do organismo.

¹² Corrección de erros: DOG nº 199, do 13 de outubro de 2004, p. 13.946.

e) A ordenación do gasto e autorización de ingresos.

f) Presentar a memoria anual do tribunal mediante comparecencia perante a Comisión de Economía do Parlamento de Galicia antes do 30 de xuño de cada ano, na que dará conta das actividades do tribunal no exercicio anterior e dos seus obxectivos para o seguinte.

2. O presidente ou presidenta do tribunal poderá delegar en calquera dos vogais as funcións que considere adecuadas.

Capítulo IV

Funcionamento

Artigo 7º.-Funcionamento do tribunal.

1. O pleno do tribunal quedará validamente constituído cando estea presente o presidente ou presidenta e a metade polo menos dos vogais. Nos casos de substitución do presidente ou presidenta previstos no artigo 4.3, para a válida constitución do tribunal, deberán estar presentes os dous vogais.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. No caso de empate decidirá o voto de quen presida.

2. O seu funcionamento regularase por esta lei e pola normativa de desenvolvemento dela e, no seu defecto, pola lexislación aplicable aos órganos colexiados das administracións públicas.

3. Actuará como secretario un funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia adscrito á consellería competente en materia de economía e facenda.

Capítulo V

Réxime económico e de persoal

Artigo 8º.-Dos recursos do tribunal.

Para o cumprimento dos seus fins, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia dispoñerá dos seguintes recursos económicos:

- a) As consignacións orzamentarias que lle sexan asignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, así como, se é o caso, os produtos e as rendas deles.
- c) Os ingresos propios que estea autorizado a percibir.
- d) Calquera outro recurso que lle poida corresponder, de conformidade co previsto nas leis.

Artigo 9º.-Do réxime orzamentario e contable.

1. O Tribunal Galego de Defensa da Competencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinala a consellaría competente en materia de economía e facenda e remitirallo a esta para, se é o caso, proceder á súa elevación ao Consello da Xunta e posterior remisión ao Parlamento integrado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. Correspóndelle ao tribunal a administración, a xestión e a recadación dos seus propios dereitos económicos así como a autorización dos gastos contidos nos seus orzamentos e a ordenación dos seus pagamentos.

3. O seu réxime orzamentario, económico–financeiro e de contabilidade será o establecido para os organismos autónomos na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 10º.–Do persoal e da contratación.

O persoal ao servizo do Tribunal Galego de Defensa da Competencia será funcionario ou laboral nos mesmos termos que os establecidos pola normativa aplicable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A contratación do tribunal rexerese polas normas xerais de contratación das administracións públicas.

Título II

Do Servizo Galego de Defensa da Competencia

Artigo 11º.–Natureza.

Créase o Servizo Galego de Defensa da Competencia, dentro da estrutura orgánica da consellaría competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia¹³. O seu nivel e estrutura interna serán establecidos pola normativa de desenvolvemento desta lei.

¹³ Decreto 247/2004, do 21 de outubro, polo que se modifica o Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda. (DOG nº 211, do 29 de outubro de 2004, p. 14.703): Artigo 2º: Engádese unha nova alínea d) á epígrafe 3 do artigo 4º do Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda, coa seguinte redacción.

«d) Con dependencia funcional do conselleiro de Economía e Facenda, o Servizo Galego de Defensa da Competencia, con categoría de subdirección xeral, coas funcións de investigación e vixilancia dos mercados e mais a instrución dos expedientes sancionadores e de autorización en materia de defensa da competencia establecidos na súa lei de creación».

Artigo 12º.-Funcións.

Correspóndelle ao Servizo Galego de Defensa da Competencia a investigación e vixilancia dos mercados e mais a instrución dos expedientes sancionadores e de autorización en materia de defensa da competencia.

En concreto, o servizo levará a cabo as seguintes funcións:

- a) Instruír os expedientes por condutas incluídas no ámbito de aplicación desta lei, consonte os procedementos en materia de acordos e prácticas prohibidas e autorizadas establecidos na Lei de defensa da competencia.
- b) Vixiar a execución e o cumprimento das resolucións que se adopten en aplicación desta lei.
- c) Levar o Rexistro Galego de Defensa da Competencia¹⁴.
- d) Auxiliar o tribunal na execución das súas competencias consultivas, de estudo e emisión de informes.
- e) Promover e acordar a terminación convencional dos procedementos tramitados como consecuencia de condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia.
- f) Colaborar, no ámbito das súas funcións, cos organismos homónimos das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado. En especial, correspóndelle ao servizo a competencia para realizar e recibir as notificacións ás que se refiren os artigos 2.1, parágrafo primeiro, e 2.2, parágrafo primeiro, da Lei 1/2002, do 21 de febreiro.

¹⁴ Cfr. Real Decreto 378/2003, de 28 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, de 17 de xullo, de Defensa da Competencia, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia (BOE nº 90, 15-Abr-2003).

Artigo 13º.-Deber de colaboración e funcións de investigación e inspección.

1. Toda persoa natural ou xurídica ten o deber de colaborar co Servizo de Defensa da Competencia, segundo o establecido no artigo 32 da Lei de defensa da competencia.

2. Os funcionarios autorizados polo Servizo de Defensa da Competencia para realizar funcións de investigación e inspección actuarán de acordo co disposto nos artigos 33 e 34 da mesma lei.

Artigo 14º.-Do rexistro.

1. Créase o Rexistro Galego de Defensa da Competencia, no que se inscribirán os acordos, as decisións, as recomendacións e prácticas autorizadas polo tribunal e mais os que declarase prohibidos total ou parcialmente, así como os acordos adoptados polo servizo que non teñan sido obxecto de recurso.

2. O rexistro será xestionado polo servizo. Para estes efectos, o tribunal daralle traslado das súas resolucións.

3. O rexistro será público. A publicidade farase efectiva mediante consulta ou certificación.

Título III

Disposicións xerais

Artigo 15º.-Normas de procedemento.

Os órganos galegos de defensa da competencia aplicaranlles aos procedementos que tramiten as normas de procedemento establecidas

na lexislación estatal na materia e, con carácter supletorio, o que dispoña a normativa sobre procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-Recursos.

1. Os actos do servizo que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión poderán ser obxecto de recurso en alzada perante o tribunal nos termos que establece a normativa aplicable en materia de defensa da competencia.

2. A adopción de medidas preventivas e as resolucións definitivas que dite o tribunal esgotan a vía administrativa e contra elas poderanse interpoñer os recursos establecidos na normativa sobre procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-Publicación no Diario Oficial de Galicia.

As resolucións sancionadoras do Tribunal Galego de Defensa da Competencia publicaranse no Diario Oficial de Galicia. O tribunal poderá así mesmo acordar a publicación das súas resolucións non sancionadoras.

Artigo 18º.-Representación na Xunta Consultiva en materia de conflitos.

O conselleiro competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia nomeará os representantes da Comunidade Autónoma na Xunta Consultiva en materia de conflitos de entre os integrantes dos órganos autonómicos de defensa da competencia.

Artigo 19º.-Convenios de colaboración.

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia poderá subscribir convenios de colaboración con outros órganos con competencia na

materia para a instrución e a resolución dos procedementos que teñan por obxecto condutas que sexan competencia das partes asinantes. Os convenios establecerán as formas e os mecanismos concretos a través dos que se instrumentará esta colaboración.

Artigo 20º.-Relacións coas administracións públicas.

As administracións públicas están obrigadas a subministrárenlles aos órganos de defensa da competencia regulados nesta lei toda a información que requiran para o exercicio das súas funcións, así como os informes que lles soliciten. Así mesmo, calquera organismo que teña coñecemento de feitos que poidan ser contrarios ás previsións desta lei daralle traslado ao Servizo Galego de Defensa da Competencia de toda a información e documentación de que dispoña, co fin de que, de proceder, se inicie a tramitación dos correspondentes expedientes.

Artigo 21º.-Deber de segredo.

Todas as persoas que tomen parte na tramitación dos expedientes previstos nesta lei ou que coñezan tales expedientes por razón da súa profesión ou cargo están obrigadas a gardaren segredo. A violación deste deber de sigilo considerarase falta disciplinaria moi grave.

Disposición transitoria

Nomeamento do primeiro tribunal.

No prazo de tres meses desde a publicación desta lei no Diario Oficial de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia nomeará o presidente ou presidenta e os vogais do tribunal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento regulamentario.

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de economía e facenda, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

B. Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia¹⁵.

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, creou o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, como organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Economía e Facenda, que ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva. Procede neste momento desenvolver a súa estrutura orgánica, co fin de acadar un eficaz cumprimento das súas funcións.

Polo tanto, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, tras o informe favorable do Tribunal Galego de Defensa da Competencia e demais informes preceptivos, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de febreiro de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de defensa da competencia lle atribúe a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

¹⁵ DOG nº 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639.

Ademais, o tribunal poderá:

-Comunicarlle ao Servizo Galego de Defensa da Competencia aquelas actividades das que teña coñecemento que poidan dar lugar á instrución dun expediente por condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004.

-Promover a realización de estudos en materia de competencia.

-Difundir na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia.

Artigo 2º

Para o desempeño das súas funcións, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

I. O presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

II. O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Artigo 3º. O presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

1. O presidente do tribunal, que ten a consideración de alto cargo, é o xefe superior do organismo. Ademais das atribucións que lle confire o artigo 6 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, terá as demais funcións que lle poidan corresponder, segundo a lexislación vixente.

2. Do presidente depende a Secretaría Xeral, con rango de subdirección xeral, á que lle corresponden as seguintes funcións:

a) A xestión dos recursos humanos e materiais asignados ao tribunal, incluída a contratación administrativa.

b) A xestión orzamentaria, financeira, contable e patrimonial do organismo autónomo, así como a elaboración do anteproxecto de

orçamentos do tribunal, o seguimento e control da súa execución e a xustificación das contas xerais.

c) A asistencia técnica ao presidente en cantos asuntos lle encomende, en especial os de natureza xurídica, xestión económica e réxime interior.

Artigo 4º. O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

1. O Tribunal Galego de Defensa da Competencia está rexido polo Pleno, integrado polo presidente ou presidenta e dous vogais, de acordo co establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 6/2004, do 12 de xullo.

2. Correspóndenlle ao Pleno, ademais de elaborar as memorias e aprobar as resolucións, medidas, ditames e informes aos que fai referencia o artigo 3 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, as seguintes funcións:

a) Elaborar o seu regulamento de réxime interior, que regulará o funcionamento do Pleno e, en particular, o réxime de convocatoria e sesións, de acordo co establecido na Lei 6/2004, do 12 de xullo, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Resolver sobre as recusacións do presidente e os vogais.

c) Nomear e acordar o cesamento do secretario do Pleno.

d) Propoñer ou, de ser o caso, informar o proxecto de relación de postos de traballo do persoal ao servizo do tribunal.

e) Preparar o anteproxecto de orçamentos do tribunal.

f) Manter relacións cos outros organismos análogos.

3. Actuará como secretario do Pleno un funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia adscrito á Consellería de Economía e Facenda, con titulación de licenciado en dereito, que poderá ser o secretario xeral do organismo.

Ao secretario corresponderalle, en xeral, o exercicio das competencias que aos secretarios dos órganos colexiados administrativos lles atribúe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O secretario asistirá o Pleno, o Presidente e os vogais na preparación das reunións do Pleno, ao que asistirá con voz pero sen voto, e asesorará sobre a legalidade dos actos e acordos que se sometan a este, coidando da observancia dos trámites e prazos dos procedementos.

Ademais, será responsable da custodia dos expedientes, actuacións e documentos do tribunal e da tramitación dos asuntos relacionados coas funcións deste.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o secretario será substituído temporalmente por quen designe o presidente.

Disposicións derradeiras.

Primeira.–Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.–As consellerías da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e de Economía e Facenda realizarán as modificacións que procedan na relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Facenda, derivadas da estrutura orgánica obxecto deste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO II.

Informe sobre o proxecto de Decreto de desenvolvemento da lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, titulado “Modificacións posibles do decreto de desenvolvemento da lei 6/2004”.

1.- Funcións do Tribunal:

- Posibilidade de facer estudos en materia de competencia (CENT e CAT).
- Poder interesar a instrución de expedientes do Servizo de Defensa da Competencia (CENT)

2.- Funcións do Presidente:

- A subscrición, previa autorización do Pleno, de convenios de colaboración con outros órganos (CENTRAL e CATALUÑA)

3.- Funcións do Secretario de Pleno:

- Unificar a Secretaría do Pleno e a Secretaría Xeral nun único posto (CENT e CAT)
- Indicar entre as funcións do Secretario: Asesorar sobre a legalidade dos actos e acordos que e sometan ao Pleno, coidando da observancia dos trámites e prazos dos procedementos (CENT e CAT).
- Indicar a formación xurídica como requisito indispensable para o posto de Secretario do Pleno (CENT e CAT - CENT: Doutor ou licenciado en Dereito, funcionario da escala A; un avogado da Generalitat adscrito ao Departamento de Economía e Finanzas-).

4.- Funcións do Pleno:

- Nomear e acordar o cese do Secretario do Pleno (CENT e CAT).
- Para engadir á resolución de recusacións, punto 2 b) do artigo 4º: Resolver sobre as incompatibilidades do presidente e vogais (CENT)
- Ter coñecemento dos recursos interpostos contra as resolucións do Servizo de Defensa da Competencia.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2005

O Presidente

José A. Varela González

ANEXO III.

Informes do TGDC relativos ao cambio da lei de defensa da competencia.

A.- Informe do TGDC ao “Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia” titulado “Observacións sobre o Libro Branco para a reforma do sistema español de defensa da competencia do Tribunal Galego de Defensa da Competencia”.

O pasado 20 de xaneiro, o Ministerio de Economía e Facenda presentou en Madrid o Libro Branco para a Reforma do Sistema Español de Defensa da Competencia. Este Libro Branco (LB) constitúe un paso adiante de indubidable importancia para a actualización e mellora do sistema español de defensa da competencia, que como o propio LB indica consolidouse como un dos elementos principais da política económica na actualidade.

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia foi creado pola Lei 6/2004 de 12 de xullo, reguladora dos Órganos de Defensa da Competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e comezou a súa andadura efectiva o pasado 1 de xaneiro. Malia a súa curta experiencia, esta institución desexa contribuír de xeito construtivo ao proceso de reforma legal e institucional do sistema español de defensa da competencia. Para ese efecto realízanse os seguintes comentarios, que xiran fundamentalmente sobre aqueles aspectos que poden ter unha maior incidencia práctica sobre os órganos de defensa da competencia autonómicos.

Estes comentarios inspíranse nos principios de cooperación institucional, coordinación, reciprocidade e respecto á legalidade, que deben existir en todo caso entre os diferentes órganos das administracións públicas, máxime cando existe un reparto de

competencias en diferentes ámbitos territoriais, como sucede neste caso.

O LB sinala que a execución das competencias das CCAA nesta materia atópase en fase incipiente. Sendo isto totalmente certo, cabe sinalar que o propio LB identifica numerosos puntos en que a reforma proposta pode ter consecuencias no ámbito territorial. Isto é verdade sen ningunha dúbida para a reforma mesma que no futuro se acorde da Lei de Defensa da Competencia, que obviamente condicionará de modo innegable a actuación dos órganos autonómicos, ao modificar o marco legislativo en que se desenvolve a súa actuación.

Pero, ata indo un pouco mais alá cabe identificar algúns aspectos que merecen unha consideración detida.

1.- En primeiro lugar, cabe establecer como principio xeral que debe informar calquera modificación competencial, o respecto á delimitación de competencias entre os distintos órganos territoriais, o cal é válido non só para a atribución de funcións e competencias xa existentes se non para calquera outras que poidan crearse no futuro. O propio LB reafirma este principio con claridade cando sinala, en distintas ocasións en que pode existir algunha dúbida ao respecto, que os órganos autonómicos poderán dispoñer de idénticas facultades que a futura Comisión Nacional de Defensa da Competencia nas súas respectivas Comunidades. Así sucede en dous aspectos de gran importancia como son as axudas públicas, no punto 210, e a proxección social da competencia, na nota 152 do punto 214 do LB.

Esta formulación do LB é plenamente acertado e debería verse correspondido cun desenvolvemento legislativo que limite a futura actuación da Comisión de Defensa da Competencia ao ámbito nacional, recoñecendo implícita ou explicitamente o dereito e a oportunidade das Comunidades Autónomas a desenvolver idénticas competencias nos seus respectivos ámbitos autonómicos. Isto resulta especialmente

interesante e adecuado no referente a axudas públicas e normas e actos administrativos emanados dos poderes autonómicos que poidan ocasionar unha restrición á competencia.

2. En segundo lugar, unha revisión completa do sistema de defensa da competencia sería oportuno que contemplase, ademais da modificación ou substitución da Lei 16/1989, de 17 de xullo de Defensa da Competencia, a reforma doutras normas relacionadas, como é o caso relevante da Lei 1/2002 de 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia. A existencia da Lei 1/2002 como norma independente perde parte do seu sentido no marco dun proceso xeral de revisión da Lei 16/1989 á que se remite, polo que podería ser pertinente a integración do seu contido no texto xeral que regule a defensa da competencia.

3. Podería aproveitarse a remodelación da Lei 1/2002, en caso de aceptarse este punto de vista, para adaptar a norma ás novas realidades que se susciten na futura Lei de Defensa da Competencia, delimitando as competencias a que nos referimos no punto primeiro desta nota. Así mesmo, podería utilizarse esta remodelación para incluír en materia de competencia o novo enfoque que xa se está dando noutros campos administrativos á representación internacional. Neste sentido, este Tribunal móstrase disposto a participar en cantos asuntos poidan ter relevancia para a Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Outra instancia que podería ser obxecto de modificación no contexto da eventual reforma da Lei 1/2002 sería o establecemento de reciprocidade no expresado no artigo 5 punto tres desta Lei, referente á comparecencia nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa autonómicos, de maneira que os órganos autonómicos poidan á súa vez participar nos procesos da Comisión Nacional que teñan unha relevancia especialmente significativa no

ámbito das súas Comunidades, sen prexuízo do respecto á eficacia no desempeño da función.

5. Respecto á definición dos casos de menor importancia, cabe suscitar que a súa definición exacta poida depender do ámbito territorial en que se produza a conduta prohibida. Neste sentido compártese o punto de vista expresado no LB no sentido de non permitir que as condutas de menor importancia deixen de constituír motivo para unha infracción e que, polo tanto, poidan ser perseguidas polos órganos autonómicos ou, no seu caso, polos xuíces, segundo indica o punto 136.

6. Protéxese a opinión do LB no seu punto 89 (iv) de maneira que se reforce a coordinación entre o ámbito administrativo e o xurisdiccional mediante a posibilidade de que os xuíces poidan solicitar informes ás autoridades da competencia; e apóiase tamén no punto 89 (v) que menciona a necesidade de dispoñer dunha canle de información sistemático dos litixios existentes á autoridade de competencia ao fin de intervir naqueles casos relevantes desde o punto de vista do interese público.

Santiago de Compostela 18 de marzo de 2005

José Antonio Varela González

Presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia

B.- Informe do TGDC ao “Borrador de Anteproxecto de Lei , de defensa da competencia” titulado “Observacións sobre o borrador de anteproxecto de lei..., de defensa da competencia do Tribunal Galego de Defensa da Competencia”.

O pasado 22 de novembro tivo entrada no Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), un correo electrónico no que se informaba ao Presidente deste organismo, en tanto que membro do Consello de Defensa de la Competencia, da convocatoria da 4ª reunión do citado Consello. Xunto a outra información, indicábase a orde do día da reunión, unha copia do borrador do anteproxecto de Lei ..., de Defensa da Competencia e unha carta da Presidenta do Consello na que solicitaba o envío a tempo das observacións ao texto. Nunha comunicación posterior indicouse que o prazo fixado pola Presidenta para a recepción de consideracións finalizaba o día 14 de decembro.

A pesar do curto período de tempo establecido e a súa escasa experiencia, o TGDC desexa contribuír de xeito construtivo ao proceso de reforma legal e institucional do sistema español de defensa da competencia, tal como xa fixo ao enviar observacións ao Libro Branco para a reforma do sistema español de defensa da competencia, sempre orientado polos principios de cooperación institucional e respecto entre os diferentes órganos responsables da defensa da competencia.

Con carácter preliminar, procede sinalar que as presentes observacións non esgotan os comentarios que o texto presentado suscitou no TGDC, que entende que unha análise en profundidade do mesmo tería requirido un prazo de tempo maior.

En calquera caso, e sen prexuízo do que se poida poñer de manifesto no seo do Consello de Defensa de la Competencia do próximo 20 de decembro, o TGDC desexa deixar constancia das melloras introducidas en aspectos como o réxime sancionador, a introdución do programa de clemencia, etc. Con todo, tamén desexa mencionar unha serie de

limitacións no actual texto, que derivan basicamente de non integrar, coas melloras pertinentes, a Lei 1/2002, de 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia. Manter a autonomía da Lei 1/2002, no canto de proceder á súa integración na nova norma, constitúe unha oportunidade perdida de dotar ao sistema de maior coherencia, así como de clarificar algúns conceptos ambiguos e de establecer un sistema máis equitativo de reparto competencial.

Tendo en conta o anterior, identifícanse os seguintes aspectos como especialmente relevantes:

1. Integración da Lei 1/2002 no novo texto
2. Modificación dalgúns apartados da Lei 1/2002
3. Asignación aos órganos autonómicos, nos seus respectivos territorios, de facultades idénticas ás atribuídas á futura Comisión Nacional de Competencia (CNC)
4. Excesivo apuro na desaparición das autorizacións singulares.

1. Integración da Lei 1/2002 no novo texto.

A revisión completa do sistema de defensa da competencia, ademais da modificación ou substitución da Lei 16/1989, de 17 de xullo de Defensa da Competencia, debería tamén asumir a reforma doutras normas relacionadas, como é o caso da Lei 1/2002 de 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia. A existencia da Lei 1/2002 como norma independente perde o seu sentido no marco dun proceso xeral de revisión da Lei 16/1989 á que se remite, polo que resulta pertinente a integración do seu contido no texto xeral que regule a defensa da competencia.

A redacción *ex novo* da norma que vai regular a defensa da competencia en España, fai aconsellable non persistir no que foi unha solución

conxuntural, froito da necesidade de dar cumprimento á xurisprudencia constitucional (STC 208/1999, de 11 de novembro).

2. Modificación dalgúns apartados da Lei 1/2002

Sen deixar de mostrar pois, a idoneidade de abordar a integración de ámbalas dúas normas, apúntase así mesmo a conveniencia de modificar algúns aspectos, sobre a base de intentar dar un acertado cumprimento á doutrina constitucional.

Desde o punto de vista práctico identifícanse dous aspectos principais: definición clara da expresión “ámbito supraautonómico” e a existencia de asimetrías nas condutas requiridas aos diferentes órganos responsables da defensa da competencia.

2.1. Definición clara da expresión “ámbito supraautonómico”.

A expresión “ámbito supraautonómico” recollida na Lei 1/2002 para delimitar as competencias da Administración Central suscita dificultades de interpretación. A definición deberíase vincular a criterios obxectivos cuantitativos e evitar que unha mínima actividade fóra dunha Comunidade Autónoma enténdase como “supraautonómico”.

2.2. Existencia de asimetrías nas condutas requiridas aos diferentes órganos responsables da defensa da competencia.

As asimetrías máis notorias son as que teñen que ver cos “mecanismos de información recíproca” e coa comparecencia nos procedementos administrativos.

Nos que se refire aos “mecanismos de información recíproca”, concretamente, no artigo 5. dous recóllese que:

- a. As Comunidades Autónomas remitirán ao Servizo de Defensa da Competencia copia de todas as denuncias e solicitudes de autorización singular recibidas en aplicación da presente Lei. Así mesmo, notificarán ao Servizo de Defensa da Competencia aquelas conducías detectadas de oficio respecto das que existan indicios racionais de infracción.
- b. O Servizo de Defensa da Competencia remitirá aos órganos autonómicos unha nota sucinta de todas as denuncias e solicitudes de autorización singular que reciba e das actuacións practicadas de oficio, respecto das que existan indicios racionais de infracción, que se refiran a conducías que afecten a súa respectiva Comunidade Autónoma.

Para evitar esta asimetría, a nova Lei debería xeneralizar o envío, desde a Comisión Nacional de Competencia (CNC) aos órganos equivalentes das Comunidades Autónomas, da copia das denuncias, no canto dunha simple “nota sucinta”. Este envío debería realizarse a todas as autoridades autonómicas e non só á que a CNC considere afectada.

O descoñecemento da denuncia por parte das autoridades autonómicas lles imposibilita avaliar en que grao aféctalles, sendo o criterio da CNC o único determinante. A rede de autoridades da competencia a nivel español pode ser unha vía adecuada para proporcionar esta información.

En canto á comparecencia nos procedementos administrativos debería aceptarse o principio de reciprocidade, principio que non se verifica no presente texto. Así mentres que, segundo o artigo 5. tres. da Lei 1/2002, a futura CNC pode comparecer en calidade de interesada nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa autonómicos, do mesmo xeito os órganos autonómicos deberían poder facelo nos procesos da CNC que teñan unha especial relevancia no

ámbito das Comunidades Autónomas, sen prexuízo do respecto á eficacia no desempeño da función.

3. Asignación aos órganos autonómicos, nos seus respectivos territorios, de facultades idénticas ás atribuídas á futura Comisión Nacional de Competencia

De novo entendemos que, a nivel de potestades executivas, os órganos responsables da defensa da competencia das Comunidades Autónomas deberían asumir, en condicións taxadas e no ámbito dos seus territorios respectivos, competencias en: concentracións económicas, axudas públicas e proxección social da competencia.

En materia de concentracións económicas resultaría coherente recoñecer ás Comunidades Autónomas competencias naquelas cuxos efectos se produzan íntegra, ou maioritariamente, no seo dunha Comunidade Autónoma, cun criterio de reparto equivalente ao que existe entre a Comisión Europea e os Estados membros, sen esquecer a posibilidade de consideralas, nalgún caso, como a autoridade mellor situada, a efectos de examinar o expediente.

O apartado de axudas públicas, aínda que se recolle no artigo 11. 5 do presente texto, require do establecemento dun sistema de notificación, do mesmo xeito que se fai no artigo 11.3 para a CNC.

Ademais, o artigo 1.4.c debería incorporar, do mesmo xeito que a CNC, a facultade dos órganos autonómicos para aclarar os criterios de valoración dos acordos mediante “Circulares interpretativas.

Así mesmo, o artigo 4.3 debería dicir “A CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA. no seu ámbito territorial)...”. E, no mesmo sentido deberían modificarse: o artigo 6 “... a CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”; o artigo 18.1 “... á CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”; o artículo 18.3 “... remitirán á CNC (e aos órganos

equivalentes das CC.AA.)...”; o artigo 19.1 “A CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”; o artigo 19.2.a. “A CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”; o artigo 19.3. “A CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”; e a Disposición adicional primeira “A CNC (e os órganos equivalentes das CC.AA.)...”.

4. Excesivo apuro na desaparición das autorizacións singulares

A eliminación do sistema de notificación previa e autorización singular podería resultar problemático para as pequenas e medianas empresas españolas, tendo en conta do escaso coñecemento existente nas mesmas das normas da competencia e a súa transcendencia.

Consideración Final

Ao subliñar os puntos anteriores, o TGDC reafirma as observacións xa manifestadas en relación ao Libro Branco para a reforma do sistema español de defensa da competencia, e que se acompañan como documento adxunto.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2005

José Antonio Varela González

ANEXO IV.

Informe sobre o proxecto de Real Decreto polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade.

O Tribunal Galego de Defensa da Competencia emite o seguinte informe a petición da directora xeneral de Defensa da Competencia, no seu escrito recibido o pasado 28 de xuño, e de acordo ao disposto no artigos punto tres da Lei 112002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia.

As observacións que seguen baséanse no texto do proxecto de Real decreto remitido pola directora xeral de Defensa da Competencia no escrito citado no parágrafo precedente.

Observacións substantivas de carácter xeral

1.- En primeiro lugar, cabo sinalar que resulta moi oportuna a proposta de sancionar mediante norma legal a exención da aplicación da Lei de Defensa da Competencia (LDC) para os acordos de intercambio de información sobre morosos dada a xeneralización cada vez maior destas prácticas e a súa utilidade manifesta sempre que se garantan certas condicións para que non teñan consecuencias restritivas da competencia.

2.- No texto proposto, parece intención do legislador referirse de modo exclusivo ou case exclusivo aos rexistros de morosos dun só sector. Esta consideración é de todo punto razoable dado que, de acordo á doutrina do Tribunal de Defensa da Competencia, os rexistros de morosos plurisectoriais ou multisectoriais non dan lugar a concertacións

do tipo das prohibidas no artigo 1 da Lei de Defensa da Competencia (LDC).

Neste sentido, podería resultar oportuno aludir na exposición de motivos á orientación unisectorial do Real decreto. Esta alusión podería efectuarse, por exemplo, no parágrafo 7, que comeza: “Xa que logo, se existe competencia (..)”. Con este fin, o parágrafo podería modificarse incorporando ao principio o seguinte: É tamén doutrina consolidada do Tribunal que os rexistros de morosos plurisectoriais non dan lugar a concertacións de tipo das prohibidas polo artigo 1 da LDC, polo que non requiren de exención nin autorización, mentres que os rexistros de morosos unisectoriais, se existe competencia suficiente son susceptibles de autorización.

3.- O artigo 4 do proxecto de Real decreto refírese á non aplicabilidade da exención cando existe unha concentración elevada dos oferentes. A efectos prácticos, conviría indicar respecto de que variable debe medirse a cota de mercado mencionada no artigo, por exemplo en termos de produción ou de facturación.

4.- O artigo 6 fai referencia a que o TDC e os órganos resolutorios das CCAA, no ámbito das súas competencias, poderán retirar os beneficios da exención aos acordos que produzan efectos incompatibles co artigo 3 da LDC. Non se sinalan, con todo, a forma e o procedemento no que debe producirse tal actuación dos tribunais de defensa da competencia. Quizá sería oportuno neste sentido ben unha remisión ao artigo 15 do RD 378/2003, de 28 de marzo, ben unha ampliación do propio artigo 6 de maneira que se explique o procedemento e intervención do Servizo de Defensa da Competencia e, no seu caso, dos órganos de investigación e incoación de expedientes das CCAA.

5.- A consideración sobre información obxectiva admite distintas categorizacións que nalgún caso pode resultar prexudicial para a transparencia do Regulamento que se pretende elaborar. Por iso,

proponse substituír no punto e) do artigo 3 do proxecto de RD a expresión “ser obxectiva” por «ser exacta e responder con veracidade á situación actual do afectado».

Observacións de carácter formal

6.- Na exposición de motivos, na liña 10 e seguintes do paragrafo 6 suxírese unha redacción un pouco diferente. Na actualidade di: “Por iso, non se debe presumir que a transmisión de beneficios se transmitirá ao consumidor cando a competencia no mercado sexa reducida como no caso dun excesivo grao de concentración, nese caso debe ...”. Suxírese: “Por elo, non se debe presumir que a transmisión de beneficios chegue ao consumidor cando a competencia no mercado sexa reducida como sucede cando existe un excesivo grao de concentración, nese caso debe ...”.

7.- O punto b) do artigo 3 podería engadir logo de “adhesión”, a referencia “adhesión ao Rexistro de morosos”. Aínda que se sobreentende que a adhesión é a ese Rexistro, pode resultar útil mencionalo explicitamente.

8.- No punto c) do articulo 3, podería eliminarse o termo “voluntariedade” xa que, se fai referencia á liberdade de adhesión, xa está recollido no punto b) do mesmo artigo, e se fai referencia á información, parece contradicir o compromiso de reciprocidade indicado xusto a continuación.

9.-Proponse unha redacción máis sinxela do artigo 4. O texto seguinte: “(...) entre empresas competidoras nun mercado no que o grao de concentración da suma de oferta dos tres oferentes principais supere o 50% da cota de devandito mercado” podería quedar como: “(...) entre empresas competidoras cando a cota de mercado agregada dos tres oferentes principais dese mercado supere o 50%”. Neste punto habería

que concretar, tal como se sinala máis arriba, se a cota a que se fai referencia se mide en termos de produción ou en termos de facturación.

10.-No artigo 6, o termo “producen” da cuarta liña podería ser substituído por “produzan”.

Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2005.

O presidente

José Antonio Varela González

ANEXO V.

Informe sobre a participación do Tribunal de Defensa da Competencia (da Administración Xeral) nos expedientes para a concesión de licencias de grandes establecementos comerciais en Galicia.

SOLICITANTE: directora xeral de Comercio e Consumo

FEITOS

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, da Consellería de Innovación e Industria deu traslado ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) dun escrito remitido polo *Tribunal de Defensa de la Competencia* (TDC) no que este reclama a súa competencia para emitir, con carácter preceptivo, pero non vinculante, o seu informe nos expedientes de concesión de licencias para grandes establecementos comerciais, ao abeiro do disposto no artigo 6.2. da Lei estatal 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio ao por miúdo.

Para o TDC, na medida e que a Lei estatal 7/1996 non foi modificada, non pode entenderse derogada a competencia do TDC para a emisión do referido informe. E isto aínda que a normativa galega de defensa da competencia (Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia) prevea un informe do TGDC.

Como consecuencia do anterior, o TDC insta a citada dirección xeral, encargada de tramitar a referida licenza, a que tódolos expedientes que se tramiten contén co informe do propio TDC.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

En resposta ao seu escrito do 22 de novembro pasado, referente ó informe do TDC no procedemento de tramitación das licencias para grandes establecementos comerciais, cómpre informarlle do seguinte:

1. O TGDC ten, entre as súas competencias, segundo o artigo 3.3, letra f), da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a de *“emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia”*.

2. De conformidade coa anterior previsión legal, o TGDC emite o referido informe, logo de ser requirido para facelo pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo, sen ter ningunha outra participación no referido procedemento.

3. A competencia sinalada no escrito do presidente do TDC emana da Lei estatal 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo que, no artigo 6.2 di textual: *“El otorgamiento o la denegación de la licencia mencionada en el apartado anterior se acordará ponderando especialmente la existencia, o no, de un equipamiento comercial adecuado en la zona afectada por el nuevo emplazamiento y los efectos que éste pudiera ejercer sobre la estructura comercial de aquélla. En todo caso, será preceptivo el informe del Tribunal de Defensa de la Competencia, que tendrá carácter no vinculante”*.

4. A Comunidade Foral de Navarra interpuxo recurso de inconstitucionalidade contra a referida Lei estatal 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, no que cuestiona, entre outros extremos, o artigo 6.2. relativo a obrigatoriedade do informe aludido polo TDC.

5. O Tribunal Constitucional resolveu o recurso de inconstitucionalidade da Lei 7/1996, do 11 de novembro, de ordenación do comercio polo miúdo, na Sentenza 124/2003, do 19 de xuño.

6. En relación ó art. 6.2 da antedita Lei 7/1996, impugnado, o Tribunal Constitucional, no Fundamento 4 da STC 124/2003, sinala textualmente que :

“de acuerdo con la STC 208/1999 sólo corresponderá al Tribunal de Defensa de la Competencia emitir el preceptivo informe en relación a la licencia comercial específica para establecimientos que pretendan ubicarse en una zona que pueda alterar la competencia en un ámbito supracomunitario. En los demás casos, la emisión de dicho informe debe considerarse una facultad ejecutiva que corresponde a la Comunidad Autónoma en virtud de su competencia exclusiva sobre comercio interior”.

CONCLUSIÓN

Segundo a STC 208/1999, todos aqueles expedientes relativos á concesión de licenza comercial específica para a implantación de grandes establecementos comerciais nos que non concorran unha afectación supracomunitaria, non precisarían do informe ao que fai referencia o TCD da Administración Central. Tal informe só debería ser solicitado ao TDC cando o mercado de referencia do novo grande establecemento comercial teña un carácter supraautonómico.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2005.

O presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia
José A. Varela González

ANEXO VI.

Regulamento de Réxime Interior do TGDC

TÍTULO I

Disposicións Xerais

CAPÍTULO I

Do Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia

Artigo 1.- Do réxime das convocatorias.

1. Corresponde ao presidente ou presidenta a convocatoria dos vogais para todas as sesións do Pleno, por propia iniciativa ou a petición de calquera dos seus membros. A tal efecto, o secretario ou secretaria do Pleno cursará a correspondente convocatoria, con antelación suficiente, non inferior ás 48 horas, agás nos casos de urxencia, sinalando lugar, data e hora e acompañando a orde do día que se fixe. O Pleno poderá acordar o uso de medios telemáticos para a realización da convocatoria. A información sobre os temas que figuren na orde do día que non poida xuntarse á convocatoria, estará a disposición dos membros en igual prazo.

2.- Sempre que sexa posible, con carácter previo á remisión da convocatoria, farase chegar aos vogais a súa versión provisional, ao obxecto de que poidan efectuar as suxestións que estimen oportunas ou a inclusión de novos temas á mesma.

Artigo 2.- Da convocatoria en casos de urxencia.

En caso de urxencia, o Pleno poderá reunirse e adoptar acordos sempre que, todos os seus membros, decidan por unanimidade a súa

celebración, caso en que non será de aplicación o disposto no artigo anterior respecto do prazo para a convocatoria.

CAPÍTULO II

Das constancia dos novos asuntos

Artigo 3.- Da entrada dos asuntos no Tribunal.

1.- Os expedientes rexistraranse por rigorosa orde de entrada no Rexistro do Tribunal. Esta orde de entrada servirá para efectuar a asignación de asuntos, conforme a quenda correspondente.

2.- Trala entrada no Rexistro do Tribunal dun expediente, unha solicitude de informe, ditame ou arbitraxe, o presidente o levará ao Pleno inmediatamente posterior, co informe do secretario ou secretaria respecto ao cumprimento dos requisitos formais. O Pleno procederá a evacuar o trámite de admisión e designar relator ou relatora, de acordo coa quenda correspondente ao asunto.

CAPÍTULO III

Do relator ou relatora

Artigo 4.- Funcións.

Ao relator ou relatora correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Dar cumprimento aos trámites procedimentais necesarios para a adecuada resolución dos expedientes ou a emisión dos informes, ditames ou arbitraxes dos que sexa relator ou relatora, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ao secretario ou secretaria.

b) Informar sobre a procedencia das peticións dos interesados.

c) Examinar as proposicións de proba e propor ao Pleno as decisións que deba adoptar.

d) Presidir a práctica das dilixencias de proba e recibir as declaracións que sexan oportunas para poder resolver o expediente. Asemade, practicará as dilixencias para decidir mellor o que o Pleno teña acordado.

e) Informar ao Pleno sobre o estado de tramitación dos asuntos sobre os que exerza a condición de relator ou relatora.

f) Someter á deliberación do Tribunal un esquema da proposta de resolución, informe, ditame ou arbitraje, que se manifestará sobre os feitos, os fundamentos e consideracións de dereito e de calquera tipo que estime procedentes, así como sobre a decisión que se deba adoptar.

g) Redactar os oficios, e resolucións que acorde o Tribunal, aínda que o seu voto sexa contrario ao da maioría. Neste caso previo acordo do Pleno, o presidente ou presidenta, por propia iniciativa ou a petición do relator ou relatora designada, poderá encargar, por especiais circunstancias, a súa redacción a outro membro do Pleno que en todo caso, será ao que lle correspondera segundo a quenda que estivera en vigor para o asunto de que se tratara.

h) Solicitar ao Pleno, en calquera momento da tramitación, que se requira ao Servizo Galego de Defensa da Competencia para que realice ou aclare calquera actuación que, ao seu xuízo, teña que constar no expediente.

Artigo 5. Designación de relator ou relatora

1.- Para a designación de relator elaborárase unha quenda para cada un dos seguintes asuntos:

- a. Prácticas prohibidas.
- b. Autorizacións singulares e arbitraxes.
- c. Informes sobre proxectos lexislativos.
- d. Informes de grandes establecementos comerciais.
- e. Informes relativos a concentracións económicas.
- f. Outros informes.

2.- As quendas iniciaranse pola orde que decida o Pleno. Nos asuntos de maior complexidade, poderase establecer que a función de relator sexa asumida por máis dun membro do Pleno, dirixindo o equipo o membro ao que lle corresponda segundo a quenda de que se trate.

Artigo 6.- Límites a condición de relator ou relatora.

Non poderá actuar como relator ou relatora o membro do Pleno que tivese intervido como relator ou relatora na resolución obxecto de recurso, o que se atopara en situación de causa de abstención ou de recusación, cando esta fora aceptada; en caso de ausencia xustificada ou enfermidade. Nestes casos nos que será designado o inmediatamente seguinte na quenda correspondente.

TÍTULO II

Dos procedementos

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Sección Primeira

Da constancia, forma e orde na práctica das actuacións

Artigo 7.- Documentación e práctica das actuacións.

1. O secretario ou secretaria do Pleno, ou a persoa habilitada polo presidente ou presidenta que o substitúa, asinará as actas nas que

interveña o Pleno ou o relator, así como as certificacións ou testemuñas, as notificacións e o resto das dilixencias de constancia.

2. As actuacións a practicar ante o Tribunal deberán realizarse en días hábiles. O Tribunal poderá acordar, sempre por causa xustificada, que se habiliten días inhábiles. Son días hábiles tódolos que non sexan declarados inhábiles a efectos administrativos polas disposicións vixentes. Así mesmo, as comparecencias, as postas de manifesto e tódalas actuacións se realizarán durante as horas nas que o Tribunal estea aberto ao público.

Artigo 8.- Requisitos formais das actuacións.

En relación coas notificacións, emprazamentos, cómputo, suspensión e prórroga dos prazos e calquera outro aspecto procedimental que afecte aos expedientes que se tramiten ante o Tribunal, será aplicable o que se dispón na normativa en materia de defensa da competencia e, subsidiariamente, na lexislación sobre procedemento administrativo común.

Artigo 9.- Da orde a seguir na tramitación dos expedientes.

Na tramitación dos expedientes observarase escrupulosamente a súa orde de entrada, sen prexuízo de que o Pleno acorde, de forma excepcional e motivada, a alteración da dita orde por motivo de urxencia.

Artigo 10.- Da presentación de documentos.

Os escritos poderán presentarse por calquera dos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, tanto no Rexistro Xeral do Tribunal, como nos lugares previstos pola citada normativa.

Sección Segunda

Das probas

Artigo 11.- Da proposición e valoración das probas.

Nos prazos e forma que establece a normativa aplicable en materia de defensa da competencia, os interesados poderán propor calquera dos medios de proba legalmente previstos, que serán valorados libremente por parte do Tribunal.

Sección Terceira

Das dilixencias para decidir mellor

Artigo 12.- Poderes de investigación do tribunal.

Nos prazos que establece a normativa aplicable en materia de defensa da competencia, o Tribunal poderá adoptar a práctica das dilixencias que estime necesarias.

Sección Cuarta

Da finalización do procedemento

Artigo 13.- Da conclusión das actuacións.

1. En canto estean cumpridas as formalidades previstas pola normativa reguladora do procedemento en materia de defensa da competencia, o Tribunal declarará finalizadas as actuacións, sen prexuízo do que se establece no artigo anterior, e ditará resolución que incluíra algún dos seguintes pronunciamentos:

- a) Existencia de prácticas ou acordos prohibidos.
- b) Existencia dun abuso de posición dominante.

- c) Existencia de condutas desleais das que pode coñecer o TGDC.
- d) Que non resulta acreditada a existencia de prácticas prohibidas ou a súa entidade non é significativa.
- e) Autorización de acordos ou prácticas exceptuables ou a súa non autorización.

2. Así mesmo, as resolucións poderán conter:

- a) Orde de cese, no prazo que se lle fixe, das prácticas prohibidas.
- b) Condicións e obrigacións determinadas.
- c) Orde de remoción dos efectos das prácticas que sexan contrarias á orde pública.
- d) Imposición de multas.
- e) Cualificación das prácticas autorizadas.
- f) As que, nos prazos da normativa que fixa a competencia do Tribunal, o Pleno poida adoptar.

Sección Quinta

Dos votos particulares

Artigo 14.- Requisitos.

1. O voto particular debe anunciarse durante a deliberación, motivándoo ao menos sucintamente, podéndose despois formular ou non por escrito. No caso de que se formule, deberá facerse no prazo das 48 horas seguintes á firma da resolución. Os vogais que desexen sumarse ao mesmo disporán de 24 horas para o seu estudo.

2. Queda ao criterio do membro do Pleno que formule voto particular sometelo a observacións.
3. Se o que anuncia o voto particular é o relator ou relatora, o Pleno poderá encargarse da redacción da resolución a outro membro do Pleno.

Sección Sexta

Da publicidade das resolucións

Artigo 15.- Da publicidade das resolucións.

1. As resolucións sancionadoras do Tribunal Galego de Defensa da Competencia publicaranse no Diario Oficial de Galicia. O Tribunal poderá así mesmo acordar a publicación das súas resolucións non sancionadoras.
2. As resolucións do Tribunal constarán na súa web, tras conceder aos interesados o prazo de tres días hábiles para que poidan solicitar a non inclusión daqueles datos que consideren confidenciais. Unha vez depurados ditos datos, o Pleno aprobará o texto que se fará público.
3. Aínda que a resolución se publique no Diario Oficial de Galicia, a mesma deberá notificarse aos interesados.
4. No prazo máis breve posible se trasladarán ao Rexistro Galego de Defensa da Competencia as resolucións que, de acordo coa normativa reguladora, deban constar nel.

Capítulo II

Dos procedementos en particular

Sección primeira

Da abstención e recusación dos membros do Tribunal

Artigo 16.- Da abstención.

1. Son causas de abstención as previstas na normativa reguladora do procedemento administrativo común, así como ter sido xefe ou xefa do Servizo Galego de Defensa da Competencia durante a tramitación do expediente no citado órgano, ou funcionario do SGDC que teña intervido directamente no asunto.

2. Cando algún dos vogais ou o secretario ou secretaria do Pleno estea afectado por algunha das referidas causas, deberá comunicalo ao presidente ou presidenta mediante escrito onde expoña a causa de abstención, ao efecto de que o presidente ou presidenta o faga constar na orde do día do primeiro Pleno que se celebre, o cal resolverá o que sexa oportuno. En caso de que a causa concorra no presidente ou presidenta, a comunicará directamente ao Pleno.

3. A non abstención no procedemento por parte do presidente ou presidenta, dos vogais ou do secretario ou secretaria do Pleno non implicará necesariamente a invalidación dos actos nos que teñan intervido.

4. A efectos das quendas, o membro do Pleno no que concorra causa de abstención asumirá como relator ou relatora o seguinte asunto de que coñeza o Tribunal. A orde das quendas non se verá afectado por esta excepción.

Artigo 17.- Da recusación.

1. Cando se produza algunha das causas previstas no artigo anterior, poderase promover a recusación en calquera momento da tramitación do procedemento.

2. A recusación presentarase por escrito e expresarase a causa ou causas nas que se fundamenta.

3. Se a causa invocada fose anterior ao inicio das actuacións realizadas polo Tribunal, a recusación terá que propoñerse no primeiro escrito que se presente, ou na primeira manifestación que se faga ante o mesmo.

4. Se a causa da recusación fose posterior ás actuacións do Tribunal ou se, sendo anterior, o interesado non tivera coñecemento previo dela, a deberá propoñer en canto lle chegue a noticia.

5. A tramitación aplicable no caso de recusación será a prevista na normativa reguladora do procedemento administrativo común. En calquera caso, corresponderalle ao Pleno resolver sobre a recusación formulada que, se afecta ao presidente ou presidenta, implicará a súa substitución por parte do vogal máis antigo e, en caso de igual antigüidade, polo de maior idade.

6. A resolución pola que o Pleno resolva o incidente non poderá ser obxecto de recurso.

7. Ata que non se resolva sobre a recusación, o afectado non participará na práctica das actuacións, que continuarán o seu trámite, agás que se trate da resolución definitiva. Non se poderá ditar resolución definitiva algunha ata que se decida sobre a recusación.

8. A efectos das quendas, o membro do Pleno no que concorra causa de recusación asumirá como relator ou relatora o seguinte asunto de que

coñeza o Tribunal. A orde das quendas non se verá afectado por esta excepción.

Sección Segunda

Do procedemento en materia de recursos

Artigo 18.- Dos recursos¹⁶.

1. Os actos do Servizo Galego de Defensa da Competencia que determinen a imposibilidade de continuar co procedemento, ou produzan indefensión ou prexuízos irreparables aos interesados, poderán ser obxecto de recurso, nos termos previstos na normativa aplicable nos procedementos que se tramiten ante o Tribunal.

2. Cando se presente un recurso contra as resolucións ás que se refire o número anterior, o presidente ou presidenta solicitará ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, no menor prazo posible, a remisión do expediente co correspondente informe. Unha vez recibido o expediente e o informe do SGDC, o presidente ou presidenta someterá o recurso á consideración do Tribunal na seguinte reunión do Pleno para que decida sobre a súa admisibilidade. A tal obxecto, o secretario ou secretaria do Pleno o trasladará ao membro do mesmo que deba asumir a condición de relator ou relatora, segundo as quendas en vigor, para que poida efectuar a correspondente proposta.

No caso de que o Pleno o considere admisible, procederá a nomear ao relator ou relatora para que proceda á súa tramitación, de acordo co procedemento aplicable.

3. A adopción de medidas preventivas e as resolucións definitivas que dite o Tribunal esgotan a vía administrativa. Contra as mesmas

¹⁶ O presente artigo foi modificado no Pleno número 26 do TGDC, celebrado o venres, 5 de maio de 2006.

poderanse interpoñer os recursos establecidos na normativa sobre procedemento administrativo común.

Sección terceira

Dos procedementos en materia de autorizacións, medidas preventivas e sancións

Artigo 19. Tramitación.

Os procedementos en materia de autorizacións, medidas preventivas e sancións que son competencia do Tribunal tramitaranse de acordo co procedemento previsto na Lei 16/1989, de defensa da competencia e no Real Decreto 378/2003, e demais normativa de desenvolvemento da lei, ou as normas que as substitúan.

Sección cuarta

Dos informes e ditames

Artigo 20.- Tramitación.

Na elaboración dos informes e ditames requiridos ou impulsados polo Tribunal designarase un relator ou relatora, que presentará un proxecto ao Pleno. Para a designación de relator ou relatora nos informes impulsados polo Tribunal poderase ter en conta a natureza xurídica ou económica do informe ou ditame de que se trate.

Sección quinta

Da arbitrase polo Tribunal

Artigo 21.- Tramitación.

No caso de que se solicite a arbitrase do Tribunal, procederase a designar un relator ou relatora que presentará un proxecto ao Pleno.

Para a designación de relator ou relatora terase en conta a quenda correspondente.

Sección sexta

Dos estudos

Artigo 22. Elaboración.

1.- O Tribunal poderá elaborar estudos directamente o encargalos a terceiros. Neste caso, os responsables seguirán as directrices e supervisión do Tribunal. En ámbolos dous casos, o tema do estudo e as directrices para a súa elaboración deberán ser aprobados polo Pleno, que decidirá se o acomete o propio Tribunal total ou parcialmente, ou se encomenda a terceiros.

2.- No caso de que o Tribunal realice directamente o estudo, o Pleno procederá a designar ao membro do mesmo encargado da súa elaboración. No caso de que a súa realización se encomende a un terceiro, o Pleno procederá a designar ao membro encargado da súa supervisión.

3.- O informe só será atribuído ao Tribunal no caso de que o mesmo sexa aprobado polo Pleno que, asemade, decidirá sobre a súa publicación total ou parcial.